

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DE OURENSE SERVIZOS XERAIS

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA DO CONCELLO DE OURENSE (EXPEDIENTE NÚM. 2025015157)

Servizos Xerais

Anuncio de aprobación definitiva da Ordenanza municipal de protección contra a contaminación acústica do Concello de Ourense (expediente núm. 2025015157)

Mediante o Acordo do Pleno do Concello de Ourense do 8 de maio de 2026, resolvéronse as alegacións presentadas durante o trámite de información pública e audiencia aos interesados e aprobouse definitivamente a Ordenanza municipal de protección contra a contaminación acústica do Concello de Ourense (expediente núm. 2025015157).

Polo exposto, en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, mediante o presente anuncio publícase o texto íntegro da dita Ordenanza, informando ás persoas interesadas de que contra o acordo de aprobación definitiva poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous (2) meses, contados de data a data a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Sen prexuízo do anterior, as persoas interesadas poderán interpoñer calquera outro recurso ou acción administrativa ou xudicial que consideren oportuna.

Anexo: Ordenanza de protección contra a contaminación acústica do Concello de Ourense

PREÁMBULO

CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1. OBXECTO

ARTIGO 2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

ARTIGO 3. DEFINICIÓNS

ARTIGO 4. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA E CONTROL DO CUMPRIMENTO

ARTIGO 5. DEREITOS E DEBERES DA CIDADANÍA EN RELACIÓN CON ESTA ORDENANZA

CAPÍTULO II.- CALIDADE ACÚSTICA

SECCIÓN 1ª. ZONIFICACIÓN ACÚSTICA

ARTIGO 6. ÁREAS ACÚSTICAS

ARTIGO 7. SERVIDUME ACÚSTICA

ARTIGO 8. ZONAS DE PROTECCIÓN ACÚSTICA ESPECIAL E DE SITUACIÓN ACÚSTICA ESPECIAL E DE SITUACIÓN ACÚSTICA ESPECIAL

ARTIGO 9. SUSPENSIÓN DOS OBXECTIVOS DE CALIDADE ACÚSTICA

SECCIÓN 2ª. ÍNDICES ACÚSTICOS

ARTIGO 10. ÍNDICES ACÚSTICOS E APLICACIÓN



ARTIGO 11. AVALIACIÓN ACÚSTICA E PERSOAL AUTORIZADO

SECCIÓN 3ª. OBXECTIVOS DE CALIDADE ACÚSTICA

ARTIGO 12. OBXECTIVOS DE CALIDADE ACÚSTICA E ÁREAS ACÚSTICAS

ARTIGO 13. OBXECTIVOS DE CALIDADE ACÚSTICA APLICABLES AO ESPAZO INTERIOR

SECCIÓN 4ª. EMISORES ACÚSTICOS E VALORES LÍMITE

ARTIGO 14. VALORES LÍMITE DE RECEPCIÓN PARA TODO TIPO DE EMISOR

ARTIGO 15. EMISORES ACÚSTICOS ESPECÍFICOS

ARTIGO 16. COMPORTAMENTOS CIDADÁNS

SECCIÓN 5ª. EDIFICACIÓNS, INDUSTRIAIS E ACTIVIDADES PUBLICAS

ARTIGO 17. EDIFICACIÓNS

ARTIGO 18. INDUSTRIAS

ARTIGO 19. ACTIVIDADES, RECINTOS E ESTABLECEMENTOS DE OCIO, PÚBLICOS OU DE SIMILAR CONCORRENCIA E FUNCIONALIDADE

CAPITULO III.- PREVENCIÓN E CORRECCIÓN DA CONTAMINACIÓN ACÚSTICA

SECCIÓN 1ª. PREVENCIÓN DA CONTAMINACIÓN ACÚSTICA

ARTIGO 20. ILLAMENTO ACÚSTICO

ARTIGO 21. ACONDICIONAMENTO DE ACTIVIDADES, ESTABLECEMENTOS E LOCAIS

SECCIÓN 2ª. PROTECCIÓN E CORRECCIÓN DA CALIDADE ACÚSTICA

ARTIGO 22. ACTUACIÓNS E INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DA CALIDADE ACÚSTICA

ARTIGO 23. MEDIDAS DE PROTECCIÓN: MAPAS DE RUÍDO, PLAN DE ACCIÓN E OUTRAS ACTUACIÓNS

SECCIÓN 3ª. POTESTADE INSPECTORA E SANCIONADORA

ARTIGO 24. INSPECCIÓN

ARTIGO 25. MEDIDAS PROVISIONAIS

ARTIGO 26. PRECINTOS

ARTIGO 27. INFRACCIÓNS

ARTIGO 28. SANCIÓNS

ARTIGO 29. PROCEDEMENTO SANCIONADOR E PROPORCIONALIDADE

ARTIGO 30. PERSOAS RESPONSABLES

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. RESERVA DA COMPETENCIA DOUTROS ORGANISMOS

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. RÉXIME FISCAL

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. ACTIVIDADES E INFRAESTRUTURAS NOVAS



DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA. CALIDADE ACÚSTICA EN INFRAESTRUTURAS DE COMPETENCIA LOCAL

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA. ACTIVIDADES E INSTALACIÓNS CON LICENZA DE ACTIVIDADE

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA. DERROGACIÓN NORMATIVA

DISPOSICIÓN DERRADEIRA PRIMEIRA. COMPETENCIA MUNICIPAL

DISPOSICIÓN DERRADEIRA SEGUNDA. ENTRADA EN VIGOR

ANEXO I. ÍNDICES ACÚSTICOS E MÉTODOS DE AVALIACIÓN

ANEXO II. OBXECTIVOS DE CALIDADE E VALORES LÍMITE DE RECEPCIÓN

ANEXO III. CLASIFICACIÓN DE ACTIVIDADES QUE SE DESENVOLVEN EN EDIFICACIÓNS E VALORES DE ILLAMENTO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES

ANEXO IV. ESTUDOS ACÚSTICOS

ANEXO VI. CONTIDO MÍNIMO DOS DOCUMENTOS RESUMO DAS INSPECCIÓNS DE RUÍDOS DO PERSOAL DO CONCELLO

PREÁMBULO

A protección do medio ambiente é unha preocupación social que foi recoñecida na nosa Constitución (artigo 45), no que se proclama o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa e o deber de conservalo.

O ruído e as vibracións constitúen a forma de contaminación máis característica da sociedade actual, que produce graves afeccións tanto na saúde como na calidade de vida das persoas, e que non so pode conculcar o dereito constitucional a gozar dun medio ambiente adecuado, senón tamén o dereito á saúde (artigo 43) e á intimidade e inviolabilidade do domicilio (artigo 18).

Por todo isto, é necesaria unha normativa específica que faga compatible o dereito dos cidadáns a desenvolver as súas actividades económicas, produtivas e de ocio, co dereito que igualmente asiste a todas as persoas para gozar da intimidade e do descanso sen ser perturbadas, e dun medio ambiente axeitado.

A aplicación práctica da lexislación en materia de contaminación acústica e maioritariamente competencia dos concellos (artigo 6 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído), e debe ser desenvolvida a nivel local, para adecuala ás súas propias circunstancias mediante ordenanzas municipais. As competencias das entidades locais, en materia de contaminación acústica, rexeranse pola normativa básica estatal en materia de ruído, pola lexislación estatal e galega de réxime local, e polo Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

En cumprimento do disposto polo artigo 6 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, e polo artigo 9 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, os concellos deberán



contar cunha ordenanza sobre contaminación acústica adaptada ás disposicións desa lei e dese decreto, e das súas normas de desenvolvemento.

En consecuencia, apróbase o disposto na presente Ordenanza de protección contra a contaminación acústica do Concello de Ourense, a través dos tramites previstos pola lexislación de réxime local, para os efectos de cumprir co disposto no artigo 6 e concordantes da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído; e no artigo 9 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

1. A presente ordenanza ten por obxecto regular o exercicio das competencias que en materia de protección do ambiente corresponden no termo municipal de Ourense fronte á contaminación producida por ruído e vibracións, co fin de garantir o dereito á intimidade persoal e familiar, á protección da saúde, así como á calidade de vida e a un ambiente adecuado.
2. A presente ordenanza sobre protección contra a contaminación acústica apróbase en virtude da competencia municipal en materia de protección de medio ambiente, de conformidade co disposto no artigo 25.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, en virtude do disposto na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído e o seu desenvolvemento regulamentario composto polo Real decreto 1513/2005, do 16 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente á avaliación e xestión do ruído ambiental, o Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, a súa modificación polo Real decreto 1038/2012, e o Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

1. Con carácter xeral, quedan sometidas ás prescricións establecidas nesta ordenanza:
 - a) Todas as actividades, comportamentos, infraestruturas locais, instalacións, elementos construtivos, medios de transporte, máquinas, aparellos, obras, vehículos e, en xeral, todos os emisores acústicos, públicos ou privados, individuais ou colectivos, que no seu funcionamento, uso ou exercicio xeren ruído e/ou vibracións susceptibles de causar molestias ás persoas, danos aos bens, xerar riscos para a saúde ou o benestar, ou deteriorar a calidade do ambiente. Inclúense todos aqueles autorizados con anterioridade á entrada en vigor da presente Ordenanza, cando así o requira a autoridade competente.
 - b) As áreas acústicas e as edificacións, como receptores acústicos.
 - c) As actuacións relativas ao illamento acústico.



2. En particular, tamén son de aplicación as prescricións e límites desta ordenanza, entre outras:

- a) Actividades domésticas e comportamentos veciñais susceptibles de producir e transmitir ruído e/ou vibracións, de calquera natureza, incluído o funcionamento de aparellos electrodomésticos de calquera clase, o uso de instrumentos musicais e o comportamento de animais fóra do socialmente aceptable.
- b) Actividades ou comportamentos na rúa ou no ambiente exterior en xeral, susceptibles de producir e transmitir ruído e/ou vibracións.
- c) Sistemas de aviso acústico.
- d) Actividades de carga e descarga de mercadorías.
- e) Traballos na vía pública, especialmente os relativos á reparación de calzadas e beirarrúas, traballos de limpeza da vía pública, e calquera outro análogo.
- f) Medios de transporte público e privado, como a circulación de vehículos de motor, ciclomotores e motocicletas.
- g) Actividades suxeitas á lexislación vixente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas.

3. Exclúense das prescricións da ordenanza:

- a) As actividades militares, que se rexerán pola súa lexislación específica.
- b) A actividade laboral que, no relativo á contaminación acústica producida no lugar de traballo, se rexerá polo disposto na lexislación laboral.

Artigo 3. Definicións

Para os efectos do establecido nesta ordenanza, entenderase por:

- a) Actividade: calquera instalación, establecemento ou local, público ou privado, de natureza industrial, comercial, cultural, administrativo, de servizos ou de almacenamento,
- b) Área acústica: ámbito territorial, delimitado polo Concello, que presenta o mesmo obxectivo de calidade acústica.
- c) Área urbanizada: superficie do territorio que reúna os requisitos establecidos na lexislación urbanística aplicable, de solo urbano ou de núcleo rural, que se atope integrada, de maneira legal e efectiva, na rede de dotacións e servizos propios dos núcleos de poboación. Entenderase que así ocorre para as parcelas, estean ou non edificadas, que contén coas dotacións e os servizos requiridos pola lexislación urbanística ou poidan chegar a contar con eles sen outras obras que as de conexión ás instalacións en funcionamento.
- d) Área urbanizada existente: a superficie do territorio que fose área urbanizada antes da entrada en vigor do Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.



- e) Avaliación acústica: resultado de aplicar calquera método que permita calcular, predicir, estimar ou medir a calidade acústica e os efectos da contaminación acústica.
- f) Calidade acústica: grao de adecuación das características acústicas dun espazo ás actividades que se realizan no seu ámbito.
- g) Contaminación acústica: presenza no ambiente de ruído ou vibracións, calquera que sexa o emisor acústico que os orixine, que impliquen molestia, risco ou dano para as persoas, para o desenvolvemento das súas actividades ou para os bens de calquera natureza, ou que causen efectos significativos sobre o ambiente.
- h) Efectos nocivos: os efectos negativos sobre a saúde humana ou sobre o ambiente.
 - i) Emisor acústico: calquera actividade, infraestrutura, equipamento, maquinaria ou comportamento que xere contaminación acústica.
 - j) Índice acústico: magnitude física para describir a contaminación acústica, que ten relación cos efectos producidos por esta. Pode ser de ruído ou de vibracións, segundo a orixe causante dos efectos nocivos producidos e, igualmente, pode ser de recepción ou de emisión, segundo o obxecto de avaliación. O índice de recepción de ruído é o índice relativo á contaminación acústica producida por ruído existente nun lugar un tempodeterminado.
 - k) Mapa de ruído: presentación de datos sobre unha situación acústica existente ou prognosticada en función dun índice de ruído, en que se indicará a superación de calquera valor límite pertinente vixente, o número de persoas afectadas nunha zona específica ou o número de vivendas expostas a determinados valores dun índice de ruído nunha zona específica.
 - l) Mapa estratéxico de ruído: un mapa de ruído deseñado para poder avaliar globalmente a exposición do ruído nunha zona determinada, debido á existencia de distintas fontes de ruído, ou para poder realizar predicións globais para a devandita zona.
 - m) Modificacións substanciais: As que alteren determinacións fundamentais ou significativas da licenza concedida. A título de exemplo, son modificacións substanciais aquelas que supoñan cambios de uso ou afecten ás condicións de volume e forma do local, á posición e ocupación do inmovible na parcela, á edificabilidade e ás condicións de acceso e seguridade do local. No caso de obras en zonas ou elementos catalogados ou inventariados, tamén se considerarán modificacións substanciais que afecten á estética do inmovible.
 - n) Molestia: o grao de perturbación que provocan o ruído ou as vibracións á poboación, determinado mediante enquisas sobre o terreo.
 - ñ) Locais lindeiros: dous locais cando en ningún momento se produce a transmisión de ruído entre o emisor e o receptor a través do ambiente exterior.



o) Obxectivo de calidade acústica: conxunto de requisitos que, en relación coa contaminación acústica, deben cumprirse nun momento dado nun espazo determinado, incluíndo os valores límite de inmisión ou de emisión.

p) Plan de acción: plan encamiñado a afrontar cuestións relativas ao ruído e aos seus efectos, incluída a redución do ruído, se for necesario.

q) Ruído ambiental: o son exterior non desexado ou nocivo xerado polas actividades humanas, incluído o ruído emitido polos medios de transporte, polo tráfico rodado, ferroviario e aéreo, e por lugares de actividades industriais.

r) Tempo de reverberación: intervalo temporal que transcorre desde que a emisión sonora cesa ata que decrece 60 dB.

s) Valor límite: valor dun índice acústico, medido conforme unhas condicións establecidas, que non debe ser superado e que, de superarse, obriga as autoridades competentes a prever ou a aplicar medidas tendentes a evitar tal superación.

t) Zona común: zona ou zonas dun edificio que pertencen ou dan servizo a varias unidades de uso (parte dun edificio que se destina a un uso específico).

u) Zonas de protección acústica especial (ZPAE): áreas acústicas onde se incumplan os obxectivos de calidade acústica aplicables, aínda que os emisores acústicos cumpran os valores límite aplicables.

v) Zonas de servidume acústica: sectores do territorio, delimitados nos mapas de ruído, en que os valores de recepción poderán superar os obxectivos de calidade acústica aplicables ás correspondentes áreas acústicas e onde se poderán establecer restricións para determinados usos do solo, actividades, instalacións ou edificacións, coa finalidade de, polo menos, cumprir os valores límites de recepción establecidos para aqueles.

w) Zonas de situación acústica especial (ZSAE): zona de protección acústica especial en que as medidas correctoras incluídas nos plans zonais específicos que se desenvolvan non poidan evitar o incumprimento dos obxectivos de calidade acústica. Nestas zonas deberanse aplicar medidas correctoras especiais dirixidas á mellora da calidade acústica a longo prazo; e concretamente a que non se incumplan os obxectivos de calidade acústica correspondentes ao espazo interior.

x) Zonas tranquilas en campo aberto: espazos non perturbados por ruído procedente do tráfico, actividades industriais ou actividades deportivo-recreativas.

y) Períodos temporais: Establécense tres períodos temporais de avaliación e horarios diarios: período día, das 7 ás 19 horas; período tarde, das 19 a 23 horas e período noite, das 23 ás 7 horas.



Artigo 4. Competencia administrativa e control do cumprimento

1. Corresponde ao Concello de Ourense exercer o control do cumprimento da ordenanza e, entre outras competencias:

- a) Delimitar as áreas acústicas, sinalar limitacións, declarar zonas tranquilas ou zonas de protección e/ou de situación acústica especial, a suspensión dos obxectivos de calidade acústica ou a declaración de servidumes acústicas para infraestruturas da súa competencia.
- b) Ordenar as inspeccións que sexan necesarias, aplicar as sancións correspondentes en caso de incumprirse o ordenado e esixir a adopción das medidas correctoras necesarias.

2. Para aquelas figuras competencia do Concello, o procedemento administrativo será iniciado por acordo do órgano competente e será sometido a información pública e audiencia das persoas interesadas. O procedemento administrativo para as competencias definidas nesta Ordenanza será conforme o indicado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; o indicado na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e o indicado na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

As modificacións e cesamentos que afecten estas zonas seguirán o mesmo procedemento que a súa aprobación.

Naqueles casos en que se proceda á suspensión dos obxectivos de calidade acústica ou se recorra a medidas correctoras, a autorización que se conceda expresará os aspectos determinados nun estudo acreditativo do seu impacto acústico, conforme ao Anexo IV da ordenanza, entre outros: o prazo, o ámbito e os niveis sonoros que se prevén acadar.

3. En ningún suposto se entenderán adquiridas por silencio administrativo dereitos e facultades que contraveñan o establecido na presente Ordenanza.

4. Os labores de inspección deberán ser levados a cabo polo persoal municipal competente o cal terá a consideración de axentes da autoridade, entendendo por tal a Policía Local e o persoal técnico municipal. Se ben o Concello poderá habilitar para tales efectos a terceiros conforme ao establecido nos artigos 10 e 12 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia ou normativa que o substitúa.

5. O persoal encargado de funcións de inspección terá, entre outras, as seguintes facultades:

- a) Acceder ás actividades, instalacións ou ámbitos xeradores ou receptores sonoros (de ruído ou de vibracións) nos termos legalmente establecidos.
- b) Requirir a información e a documentación administrativa que autorice as actividades e instalacións ou calquera emisor obxecto de inspección.



c) Proceder á medición, á avaliación e ao control e a cantas actuacións sexan necesarias para a comprobación do cumprimento das disposicións vixentes na materia e das condicións da autorización con que conte a actividade segundo o disposto nesta Ordenanza. Este persoal poderá ser asistido polo técnicos que fosen necesarios.

6. A autoridade municipal non outorgará título habilitante de ocupación ou apertura das edificacións, instalacións, actividades dos establecementos sometidos a esta Ordenanza se os proxectos presentados polos interesados non se axustan ao establecido na presente Ordenanza.

Unha vez iniciada a actividade ou postas en funcionamento as instalacións, poderán realizarse cantas inspeccións se consideren necesarias para comprobar que as actividades ou instalacións cumpren coa normativa acústica.

Artigo 5. Dereitos e deberes da cidadanía en relación con esta ordenanza

1. Toda a cidadanía ten dereito á información pública sobre a contaminación acústica no concello, e a denunciar calquera actuación pública ou privada que, incumprindo as prescricións establecidas na presente ordenanza, implique molestia, risco ou dano para as persoas, bens de calquera natureza ou ao ambiente, de acordo co disposto na normativa reguladora de protección contra a contaminación acústica e segundo o establecido na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente; así como o deber de observar as normas sobre conduta que en relación coa contaminación acústica se determinan na ordenanza.

2. As persoas titulares e/ou responsables das instalacións, actividades ou equipamentos xeradores de ruído e/ou vibracións, tanto ao aire libre como en establecementos, vivendas ou locais, facilitarán ao persoal inspector o acceso ás instalacións ou aos emprazamentos dos focos de emisión de ruído e disporán o seu funcionamento na forma que lle indique o devandito persoal inspector, e poderán presenciar o proceso operativo, sempre que non comprometan a medida.

Así mesmo, as posibles persoas afectadas deberán facilitar o acceso ás súas vivendas ou locais co obxecto de poder realizar as inspeccións e medicións que se establecen como requisito preceptivo na ordenanza para a solicitude de licenza ou autorización previa de calquera clase. O Concello, se for necesario, realizará as citacións oportunas para a práctica das devanditas inspeccións e medicións.

En caso de denuncia por molestia de ruídos e/ou vibracións, se o denunciante non permite o acceso ao recinto ou recintos afectados, paralizarase o expediente ata que se conte co devandito acceso.



CAPÍTULO II

Calidade acústica

Sección 1ª. Zonificación acústica

Artigo 6. Áreas acústicas

A clasificación e zonificación de áreas acústicas axustarase aos tipos e criterios establecidos pola Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, e polo Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, así como ao Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, ou normativa que os substitúa.

Artigo 7. Servidume acústica

1. Para os efectos da aplicación desta ordenanza, considéranse servidumes acústicas as destinadas a conseguir a compatibilidade do funcionamento ou desenvolvemento das infraestruturas de competencia municipal cos usos do solo, actividades, instalacións ou edificacións implantadas, ou que poidan implantarse, na zona de afección polo ruído orixinado nas devanditas infraestruturas.

Poderán quedar gravados por servidumes acústicas os sectores do territorio afectados polo funcionamento ou desenvolvemento das mencionadas infraestruturas, así como os sectores de territorio situados na contorna de tales infraestruturas, existentes ou proxectadas.

As zonas de servidume acústica establécense e inclúense nos instrumentos de planeamento urbanístico e nos mapas de ruído correspondentes, conforme o establecido nos artigos 5.2 e 5.3 do *Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia* ou normativa que o substitúa.

2. As zonas de servidume acústica delimitaranse mediante a aplicación dos criterios técnicos indicados na normativa vixente en materia de ruído e contaminación acústica.

Nos sectores do territorio gravados por servidumes acústicas estableceranse limitacións para determinados usos do solo, actividades, instalacións ou edificacións, coa finalidade de, polo menos, cumprir os valores límite de recepción establecidos para aqueles. Revisarase a delimitación das servidumes acústicas cando se produzan modificacións substanciais nas infraestruturas, que orixinen variacións significativas dos niveis sonoros na súa contorna.

3. Cando se delimite unha zona de servidume acústica nunha área urbanizada, elaborárase simultaneamente o correspondente mapa de ruído e plan de acción en materia de contaminación acústica, que conterá as medidas correctoras que deban aplicarse aos emisores acústicos vinculados ao funcionamento da infraestrutura, as persoas responsables da súa adopción, a cuantificación económica e un proxecto de financiamento.



Artigo 8. Zonas de protección acústica especial e de situación acústica especial

1. As áreas acústicas nas que se incumpran os obxectivos de calidade acústica serán declaradas polo Concello como Zonas de Protección Acústica Especial (ZPAE), coa finalidade de reducir eses niveis ata acadar os obxectivos de calidade acústica propios da zona en cuestión.

2. Unha vez declarada a Zona de Protección Acústica Especial, elaborárase un Plan Zonal específico que recolla as medidas correctoras que se deberán aplicar para a mellora acústica da zona, ata acadar os obxectivos de calidade acústica que lle sexan de aplicación.

3. Os Plans Zonais específicos poderán conter, entre outras, algunha ou todas das seguintes medidas:

a) Suspensión, no seu caso, da concesión de licenzas de actividade e presentación de comunicacións previas que poidan agravar a situación.

b) Establecer restricións horarias ou de funcionamento á actividade ou emisor acústico (obras en vía pública, obras en edificacións, vehículos de motor etc.) que sexa responsable, directa ou indirectamente, dos elevados niveis de contaminación acústica.

c) Calquera outra medida correctora que se considere adecuada para a redución dos niveis de contaminación acústica: instalación de barreiras acústicas, encapsulado do emisor acústico, instalación de sistemas limitadores acústicos, incremento nos illamentos acústicos de actividades, actuacións sobre as vías de propagación (como o firme de estradas) etc.

d) Permitir o acceso da cidadanía a información ambiental ou calquera outra medida similar que favoreza unha redución dos niveis de ruído.

e) Declarárase o ámbito do Centro Histórico do municipio como Zona de Protección Acústica Especial (ZPAE), conforme o artigo 25.1 do Real decreto 1367/2007 se cumpre con todos os requisitos legais. No prazo máximo de 18 meses desde a entrada en vigor desta ordenanza, o Concello aprobará un Plan Zonal de Mellora Acústica para a dita zona, incluíndo medidas de illamento, control de emisións sonoras, restricións horarias e de tráfico, designación de responsables e mecanismos de financiamento. Ata a aprobación definitiva do correspondente Plan Zonal de Mellora Acústica, o Centro Histórico manterá a súa actual situación de zona Acusticamente Saturada (ZAS), con plena vixencia das medidas e restricións en vigor.

4. Nestas zonas, o Concello non permitirá que aquelas actividades pertencentes a tipos cuxa prohibición ou limitación estivese incluída no Plan Zonal da correspondente Zona de Protección Acústica Especial e que levaran máis dun ano pechadas, reinicien a súa actividade nin outra de características similares.



5. Dado o caso de que as medidas correctoras aplicadas non sexan eficaces para o cumprimento dos mencionados obxectivos de calidade acústica, despois de 3 anos poderase declarar a área como Zona de Situación Acústica Especial (ZSAE). Neste caso aplicaranse novas medidas correctoras coa finalidade particular do cumprimento dos obxectivos de calidade acústica no espazo interior.

En calquera caso, as zonas de protección acústica especial (ZPAE) e as zonas de situación acústica especial (ZSAE) terán por obxectivos de calidade o cumprimento dos valores das áreas correspondentes, no menor prazo de tempo posible e coas medidas correctoras que se consideren segundo o previsto pola Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído.

6. O Plan de Acción derivado do mapa de ruído correspondente ás zonas indicadas neste artigo e conforme ao artigo 23 incluírá, nestes casos, os Plans Zonais específicos que se determinen.

7. O procedemento que se seguirá para a declaración e as actuacións derivadas destas zonas será o indicado no artigo 4.2.

Artigo 9. Suspensión dos obxectivos de calidade acústica

1. Os obxectivos de calidade acústica poderán ser suspendidos polo Concello conforme ao indicado no artigo 7 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, e no artigo 9 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, ou normativa que os substitúa, con motivo de la organización de actos de especial proxección oficial, cultural, relixiosa ou de natureza análoga. Quedarían tamén incluídas neste apartado as celebracións tradicionais, con motivo das festas patronais e parroquiais arraigadas no Concello, sen prexuízo de que o Concello poida establecer medidas de protección acústica excepcionais con motivo da constatación de molestias excesivas a veciñanza.

2. As persoas ou entidades responsables dos emisores acústicos poderán solicitar ao Concello a correspondente suspensión provisional dos obxectivos de calidade acústica, acompañada dun estudo acreditativo específico do seu impacto acústico, conforme ao descrito no Anexo IV punto 2 desta ordenanza.

3. A suspensión dos obxectivos de calidade acústica deberá ser acordada con carácter previo á celebración dos actos, tanto de carácter público coma privado, que se realicen ao aire libre ou en recintos que non dispoñan de medidas de illamento acústico aptas para garantir o cumprimento dos devanditos obxectivos de calidade, mesmo se a actividade en cuestión é promovida ou auspiciada polo Concello.



4. A resolución municipal que acorde a suspensión deberá incluír a referencia da normativa sobre contaminación acústica aplicable; a delimitación do espazo ou recinto onde terá lugar o acto, que terá a consideración de foco sonoro; a determinación das persoas responsables da actividade; os límites horarios para a súa celebración; os niveis de ruído equivalente ponderado $A (L_{Aeq})$ permitidos, así como calquera outra limitación, medida de protección necesaria ou característica relevante, incluída a instalación de aparellos de control permanente de ruído (limitadores de son) cando se prevea a utilización de equipamentos de reprodución de son ou audiovisuais, no caso en que así se determine.

5. O procedemento que se seguirá neste caso será o indicado no artigo 4.2.

6. A suspensión dos obxectivos de calidade acústica non poderá ser acordada en sectores do territorio con predominio do solo de uso sanitario.

7. O disposto neste artigo entenderase sen prexuízo da posibilidade de superación puntual e temporal dos obxectivos de calidade acústica, cando sexa necesario en situacións de emerxencia ou como consecuencia da prestación de servizos de prevención e extinción de incendios, saúde, seguridade ou outros de natureza análoga ao anterior, para o que non será necesaria ningunha autorización.

8. No caso de eventos organizados polo Concello de Ourense ou que deriven de acordos ou convenios promovidos polo propio Concello, poderase contar cun estudo de impacto acústico de referencia que xustifique a aplicación directa da suspensión provisional dos obxectivos de calidade acústica, sempre e cando o evento en cuestión se axuste ás condicións de emisión sonora, localización, duración máxima e demais condicionantes que figuren nese estudo. Noutro caso, o evento deberá contar cun novo estudo específico que contemple as súas condicións particulares, e solicitar a suspensión dos obxectivos de calidade acústica pola vía convencional, nos termos descritos no punto 2 e subseguintes do presente artigo.

Sección 2ª. Índices acústicos

Artigo 10. Índices acústicos e aplicación

1. Os índices acústicos establécense no Anexo I. Estes índices utilizaranse para a avaliación do ruído e das vibracións, na verificación do cumprimento dos obxectivos de calidade acústica aplicables ás áreas acústicas e ao espazo interior dos edificios, así como para a avaliación dos niveis sonoros producidos e transmitidos polas infraestruturas, actividades, instalacións e comportamentos, na delimitación das servidumes acústicas e na verificación do cumprimento dos valores límite para os emisores acústicos. Os obxectivos de calidade acústica e os valores límite de recepción móstranse no Anexo II da ordenanza.



2. A produción e transmisión de ruído e vibracións na vía pública, nas zonas de pública concorrencia ou no interior dos edificios, non poderá superar os límites establecidos nesta ordenanza en ningún dos períodos temporais de avaliación (día, tarde e noite) definidos no Anexo I desta norma.

Artigo 11. Avaliación acústica e persoal autorizado

1. A avaliación acústica levarase a cabo segundo os procedementos de cálculo e medición dos índices acústicos, tal e como se reflicte no Anexo I, en consonancia coa normativa estatal de referencia ou norma que a modifique ou substitúa en materia de contaminación acústica.

2. Cando sexan empresas ou entidades privadas as que realicen as tarefas de avaliación acústica necesarias para o cumprimento da ordenanza deberán contar coa capacitación técnica esixida polos artigos 10 ou 12 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, segundo corresponda, ou normativa que o substitúa, achegando nos informes a documentación correspondente do cumprimento destes requisitos.

3. O persoal funcionario que realice labores de inspección en materia de contaminación acústica deberá ter a formación específica que garanta a correcta realización dos traballos.

4. Terán validez, en todo caso para a apertura dun proceso sancionador, as medicións efectuadas polos sonómetros permanentes (sonógrafos, limitadores rexistradores etc.) instalados de acordo cos artigos desta ordenanza. Corresponderá, en todo caso, ao presunto infractor a carga da proba do defectuoso funcionamento do sonómetro permanente. O acceso e descarga dos datos destes dispositivos deberá ser realizado polo persoal do Concello.

Sección 3ª. Obxectivos de calidade acústica

Artigo 12. Obxectivos de calidade acústica aplicables a áreas acústicas

1. Os obxectivos de calidade acústica para ruído en espazo exterior son os establecidos na táboa II.A.1 do Anexo II da ordenanza para áreas urbanizadas existentes, e diminuído en 5 dB para o resto. Estes obxectivos están referenciados a 4 metros de altura, segundo o establecido na normativa vixente.

2. Para os efectos de cumprimento dos obxectivos de calidade, considerarase que se respectan os obxectivos de calidade acústica para ruído cando, para cada un dos índices de recepción de ruído, L_d , L_e , ou L_n , avaliados conforme aos procedementos establecidos no Anexo I, se cumpre, no período dun ano, que:

- a) Ningún valor supera os valores fixados na táboa II.A.1.
- b) O 97 % de todos os valores diarios non superan en 3 dB os valores fixados na táboa II.A.1.



Artigo 13. Obxectivos de calidade acústica aplicables ao espazo interior

1. Os obxectivos de calidade acústica para ruído e para vibracións en espazo interior son os establecidos nas táboas II.A.2 e II.A.3 do Anexo II da ordenanza.
2. Para efectos de cumprimento dos obxectivos de calidade considerárase que, para:
 - a) Ruído: respéctanse os obxectivos de calidade acústica cando para cada un dos índices de recepción de ruído, L_d , L_e , ou L_n , avaliados conforme aos procedementos establecidos no Anexo I, se cumpre, no período dun ano, que:
 - i) Ningún valor medio anual supera os valores fixados na táboa II.A.2.
 - ii) O 97 % de todos os valores diarios non superan en 3 dB os valores fixados na táboa II.A.2.
 - b) Vibracións: respéctanse os obxectivos de calidade acústica cando, para o índice de vibracións L_{aw} , avaliado conforme aos procedementos establecidos no Anexo I, cúmprese, no período dun ano, que:
 - i) En período nocturno ningún valor supera os valores fixados na táboa II.A.3.
 - ii) En ningún caso se superan en 5 dB os valores mostrados na táboa II.A.3.
 - iii) Para vibracións estacionarias en ningún caso se superan os valores fixados na táboa II.A.3.
 - iv) Para vibracións transitorias o conxunto de superacións permitidas non debe ser maior de 9. Para estes efectos, cada evento cuxo exceso non supere os 3 dB será contabilizado como 1 e, se os supera, como 3.
3. Os obxectivos de calidade acústica en espazo interior cumprirán coas obrigas fixadas para edificacións na lexislación vixente: artigo 17.2 do Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, artigo 10 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, ou normativa que os substitúa, e artigo 16 desta ordenanza.

Sección 4ª. Emisores acústicos e valores límite

Artigo 14. Valores límite de recepción para todo tipo de emisor

1. As novas infraestruturas deberán adoptar as medidas necesarias para non transmitir ao ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas, niveis de ruído superiores aos correspondentes valores límite de inmisión establecidos nas táboas II.B.1 e II.B.2 do Anexo II da ordenanza.
- Todas as instalacións, establecementos e actividades industriais, comerciais, de almacenamento, deportiva, recreativa, de lecer ou similares deberán adoptar as medidas necesarias para non transmitir ao ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas, niveis de ruído superiores aos correspondentes valores límite de inmisión establecidos na táboa II.B.3.



2. Os valores límite de inmisión por transmisión a recintos lindeiros de emisións de ruído de instalacións, establecementos, actividades industrial, comercial, de almacenamento, deportiva, recreativa, de lecer ou similar, son os establecidos na táboa II.B.4.

En recintos de uso exclusivo comercial, oficinas ou industrial, os límites esixibles de inmisión interior entre locais de diferente titularidade son os establecidos en función do uso do recinto receptor.

3. Considerarase que se cumpren os valores límite de inmisión de ruído cando, para cada un dos índices de inmisión de ruído, avaliados conforme aos procedementos establecidos no Anexo I, no período dun ano, para:

a) Infraestruturas:

- i) Ningún valor medio anual supera os valores fixados na táboa II.B.1.
- ii) Ningún valor diario supera en 3 dB os valores fixados na táboa II.B.1.
- iii) O 97 % de todos os valores diarios non supera os valores fixados na táboa II.B.1.

b) Actividades:

- i) Ningún valor medio anual supera os valores fixados nas táboas II.B.3 e II.B.4.
- ii) Ningún valor diario supera en 3 dB os valores fixados nas táboas II.B.3 e II.B.4.
- iii) Ningún valor medido do índice $L_{K_{eq,T}}$ supera en 5 dB os valores fixados na correspondente táboa II.B.3 ou II.B.4.

4. Para efectos de inspección de actividades en funcionamento considerárase que se respectan os valores límite de recepción de ruído cando se cumpran os puntos b.ii) e b.iii) do número anterior deste artigo.

5. Os valores límite de recepción de vibracións coincidirán, en todo caso, cos obxectivos de calidade, segundo o artigo 13 da ordenanza.

6. O disposto neste artigo aplicárase unicamente fóra das zonas de servidume acústica.

Artigo 15. Emisores acústicos específicos

1. Sen prexuízo do disposto na normativa de tráfico e seguridade viaria e nas esixencias da inspección técnica oficial correspondente, todos os vehículos de tracción mecánica deberán ter en boas condicións de funcionamento o seu motor, a súa transmisión, o seu sistema de freado ou calquera outro elemento do vehículo susceptible de xerar ruídos ou vibracións ao ambiente exterior.

- a) O valor límite de emisión sonora dos vehículos de motor e ciclomotores en circulación será o correspondente a sumar 4 dB ao nivel de emisión indicado na homologación deste, avaliado co vehículo parado segundo o procedemento e conforme a regulamentación. En caso de non aparecer entre as características do vehículo o nivel de emisión sonora, o valor límite será 80 dBA para ciclomotores, e para o resto de vehículos será o valor de emisión obtido seguindo o procedemento establecido na lexislación vixente incrementado en 4 dB, cando a inspección técnica ditamine o correcto estado do vehículo.



- b) Os vehículos de motor destinados a servizos de urxencias disporán dun mecanismo de regulación da intensidade sonora dos dispositivos acústicos que a reduza a uns niveis máximos de 90 dBA medidos a tres metros de distancia e na dirección de máxima emisión.
- c) O Concello promoverá a utilización e contratación de vehículos de transporte público que posúan uns valores de emisión sonora baixos.
- d) Queda prohibida a circulación de ciclomotores ou calquera outro vehículo de motor con elementos silenciadores incorrectamente instalados ou carente deles, especialmente no referente ao seu sistema de escape de gases, ou ben que estes resulten ineficaces, inadecuados ou equipados con tubos de resonancia.
- e) Non está permitida a realización de prácticas indebidas de condución, tales como derrapaxes ou aceleracións bruscas sen xustificación, causantes de ruídos innecesarios que perturben a normal convivencia.
- f) Sen prexuízo do disposto na normativa de circulación, queda prohibido o uso da bucina ou calquera outro sinal acústico, de xeito innecesario ou excesivo, salvo en casos de aviso de perigo inminente (atropelo, colisión etc.) ou urxencia xustificada.
- g) Calquera sistema de reprodución de son con que conte un vehículo non poderá transmitir ao ambiente exterior niveis sonoros superiores aos máximos autorizados na presente ordenanza, a excepción dos sistemas de sinais acústicos dos vehículos destinados a urxencias.
- h) O sistema de alarma instalado nun vehículo deberá cumprir coas correspondentes especificacións técnicas, principalmente no relativo ao tempo máximo de emisión sonora por ciclo de funcionamento, secuencia de repeticións e niveis de emisión máxima que indique a certificación do fabricante, respectando, en todo caso, o tempo máximo de emisión de tres minutos ata a súa desconexión e a un nivel máximo de emisión de 85 dBA, medido a tres metros na dirección de máxima emisión.

2. As embarcacións de recreo seguirán as indicacións da normativa específica vixente de requisitos de emisións sonoras, conforme ao indicado no artigo 20 do Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.

3. A maquinaria utilizada en actividades ao aire libre en xeral, e nas obras públicas e na construción en particular, debe axustarse ás prescricións establecidas na lexislación vixente propia referente a emisións sonoras, conforme ao indicado no artigo 22 do Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.



a) O Concello fomentará a utilización de maquinaria, equipamentos e pavimento de baixa emisión acústica nas contratacións de obra pública, así como na subministración e prestacións de outros servizos públicos (limpeza pública, recollida de sólidos urbanos, mantemento de parques e xardíns etc.).

b) Os sistemas ou equipos complementarios e auxiliares, tales como grupos electrógenos, empregados en calquera tipo de obra, deberán ser os tecnicamente menos ruidosos e a súa manipulación será a máis correcta para evitar a contaminación acústica, utilizando os mesmos niveis que nos casos da maquinaria empregada ao aire libre.

As actividades de carga e descarga, transporte ou arrastre de mercadorías, caixas, contedores, materiais de construción e obxectos similares na vía pública, realizaranse preferentemente en período diúrno e/ou de tarde. O persoal encargado deberá realizar tales actividades sen xerar impactos directos sobre o chan do vehículo e/ou do pavimento, e evitará o ruído producido polo desprazamento ou trepidación da carga durante o seu percorrido.

4. Prohíbese, con carácter xeral, o emprego en espazos públicos de todo dispositivo sonoro con fins de propaganda, reclamo e análogos, cuxas condicións de funcionamento produzan molestias. Poderanse utilizar cando por razóns de interese xeral ou de especial significación cidadá sexa necesario o seu emprego, debendo contar con autorización municipal. Esta prohibición non rexerá nos casos de urxencia.

5. Poderase contar con dispositivos de alarma conectadas a unha central. En todo caso, as persoas titulares destes dispositivos porán en coñecemento da Policía Local a súa existencia para a súa interrupción en caso necesario, o que non as eximirá da correspondente sanción.

A actividade dos dispositivos soamente se acepta para os casos establecidos como avisos, tentativas de roubo ou similares, ou outros casos xustificados, como se indica no parágrafo anterior, nos instantes posteriores á instalación e comprobacións periódicas do seu funcionamento (cun máximo dunha vez cada tres meses e en período diúrno), e todo durante un tempo total de funcionamento (incluídas as paradas) non superior a dez minutos, tras o cal o sistema de aviso será luminoso. Os valores que se acaden non superarán os 85 dB medidos a 3 metros de distancia en dirección de máxima emisión.

6. O Concello poderá eximir os propietarios das obras do cumprimento de todas ou algunhas das obrigas sinaladas neste artigo, nos seguintes supostos:

a. Obras de recoñecida urxencia.

b. Aqueles cuxo atraso na súa finalización puidese implicar perigo de afundimento, derrube, inundación, explosión ou risco de similar natureza.



c. Obras que polas súas características non resulte convenientes a súa execución en período diúrno. Contarán con publicidade e vixilancia previa por parte da Policía Local mentres estean en marcha estas obras.

d. Aquelas operacións nas que, de forma razoada, resulte tecnicamente inviable o cumprimento das limitacións acústicas determinadas. Contarán con publicidade e vixilancia previa por parte da Policía Local mentres estean en marcha estas obras.

Para estes supostos concederáse a autorización municipal, logo da solicitude, na que se especificará o calendario, a duración, o período de actuación, a maquinaria empregada e a memoria xustificativa da necesidade de exención do cumprimento da Ordenanza. O contido da autorización establecerá a forma en que o responsable da obra deberá comunicar á poboación máis afectada, tanto a autorización como as posibles condicións impostas.

A autoridade velará por que esta información aos cidadáns sexa efectiva, garantindo que a mensaxe chegue aos seus destinatarios.

Artigo 16. Comportamentos cidadáns

1. A produción e transmisión de ruído e vibracións non terá a consideración de comportamentos veciñais tolerables. Inclúense como comportamentos veciñais que non terán a consideración de tolerables, en caso de superaren os límites establecidos, os seguintes:

- a) Os berros, as vociferacións e os cánticos.
- b) Os golpes, o arrastre de mobiliario ou electrodomésticos, a realización de reparacións domésticas ou tarefas de bricolaxe etc.
- c) A celebración de festas en edificios residenciais, así como en patios, terrazas ou xardíns en áreas residenciais.
- d) O ruído dos animais.
- e) O emprego de instrumentos ou aparellos sonoros ou musicais, incluíndo os altosfalantes portátiles.
- f) A música nos vehículos que se propague ao exterior e outros de similar natureza.
- g) O uso de petardos ou elementos pirotécnicos fóra dos lugares e ocasións autorizados.
- h) O funcionamento de aparellos electrodomésticos (lavadoras, secadoras, licuadoras, picadoras, batedores, lavalouzas, sistemas de climatización etc.) ou calquera aparello que poida producir unha transmisión de ruído e vibracións.

2. En calquera caso, as accións e usos definidos no apartado 1 epígrafes do “a” ao “g” deste artigo, estarán prohibidos entre as 22:00 h e as 8:00 h, cando se consideren molestos pola autoridade competente.



3. Salvo autorización municipal, entre as 22:00 h e as 8:00 h non se permitirá a práctica de xogos e deportes (fútbol, baloncesto etc.) en espazos públicos tales como pistas deportivas, zonas de uso residencial, prazas, calzadas etc., que poidan perturbar o descanso veciñal.
4. Será responsabilidade das comunidades de veciños ou a título individual de cada vivenda segundo corresponda, manter en correcto estado de conservación e mantemento as instalacións da edificación para evitar a transmisión de ruído e vibracións.
5. Para a aplicación deste artigo os valores límite de recepción permitidos que se considerarán serán iguais aos indicados no artigo 14 para actividades.

Sección 5ª. Edificacións, industria e actividades públicas

Artigo 17. Edificacións

1. Para os efectos de aplicación desta ordenanza, considéranse edificacións todas as construcións dentro do ámbito de aplicación que establece o documento básico «DB-HR Protección fronte ao ruído» do Código Técnico da Edificación, aprobado mediante Real decreto 1371/2007, do 19 de outubro. Para todos os efectos aplicará este Real decreto a novas edificacións, que son aquelas con licenza municipal solicitada posteriormente o 24 de abril de 2009. Igualmente aplicará sobre as modificacións ou reformas para as edificacións coa solicitude anterior a esa data. No resto de casos poderán optar por satisfacer as condicións acústicas establecidas na NBE CA-88 publicadas na Orde do 29 de setembro de 1988.
2. En cumprimento do establecido pola lexislación vixente, para a concesión da licenza de primeira ocupación, coa correspondente certificación de fin de obra, achegarase a certificación das condicións acústicas mediante presentación de informe de ensaios *in situ*, acreditativo do cumprimento das prescricións establecidas neste artigo e segundo as dos artigos 10 e 12 do decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, realizado por entidades que cumpran o establecido nestes artigos ou normativa que o substitúa. Para a devandita certificación das condicións acústicas poderán establecerse ensaios representativos, sen prexuízo do cumprimento do establecido nesta ordenanza en todo caso.
3. Unha edificación é conforme ás esixencias acústicas esixidas cando, no correspondente informe de ensaios *in situ*, se certifique o cumprimento das esixencias acústicas básicas e métodos impostos polo Código Técnico da Edificación «DB-HR Protección fronte ao ruído», aprobado mediante o Real decreto 1371/2007, do 19 de outubro, norma que o modifique ou substitúa, ou polo NBE CA-88, segundo corresponda.
4. As instalacións de aire acondicionado, ventilación, climatización, ascensores e calquera outro elemento construtivo en edificacións cumprirán cos valores límite indicados no artigo 14 da ordenanza, para todo tipo de emisor, e co Real decreto 1371/2007, do 19 de outubro, polo que se aproba o documento básico «DB-HR Protección fronte ao ruído» do Código Técnico da Edificación CTE.



5. As comprobacións mediante medicións in situ realizaranse mediante unha mostra representativa que cumpra os seguintes aspectos.

As comprobacións do illamento acústico aéreo entre vivendas realizaranse mediante unha mostra representativa en polo menos o 20 % das vivendas da promoción. Cando este 20 % sexa inferior a un, comprobarase polo menos unha.

As comprobacións do illamento acústico das fachadas fronte ao ruído aéreo realizaranse mediante unha mostra representativa en polo menos o 10 % das vivendas da promoción. Cando este 10 % sexa inferior a un, comprobarase polo menos unha.

As comprobacións de illamento acústico fronte ao ruído de impacto realizaranse mediante unha mostraxe representativa en polo menos o 10 % das vivendas da promoción. Cando este 10% sexa inferior a un, comprobarase polo menos unha.

As comprobacións de illamento acústico entre recintos que poidan albergar actividades e/ou instalacións con recintos habitables, realizaranse en todos os casos existentes.

As comprobacións dos niveis de ruído das instalacións comúns do edificio realizaranse na vivenda ou vivendas máis afectadas, nas condicións máis desfavorables.

A comprobación dos niveis de ruído das baixantes sanitarias do edificio e demais instalacións sanitarias realizarase na vivenda ou vivendas máis afectadas, nas condicións máis desfavorables.

Para as vivendas unifamiliares illadas, as verificacións que deberán achegarse serán as que se poidan aplicar das exixencias marcadas no CTE DB-HR segundo as distribucións interiores de cada vivenda, incluíndo en calquera caso, o illamento acústico ao ruído aéreo das fachadas.

O cumprimento nos casos mostrados non escusa o cumprimento nos casos non mostrados.

Artigo 18. Industrias

1. A produción e transmisión de ruído e vibracións orixinados nas actividades industriais axustaranse ao establecido nesta ordenanza; ademais, quedan sometidas aos condicionantes que regule a normativa estatal básica e autonómica de protección ambiental.

2. Para aquelas actividades industriais que estean obrigadas por un procedemento de avaliación de impacto ambiental, deberase realizar un estudo acreditativo do seu impacto acústico conforme ao punto 1 do Anexo IV da ordenanza e esixirá o cumprimento das medidas correctoras que se diten.

3. Na tramitación dos expedientes correspondentes a novas actividades industriais e a ampliacións ou modificacións de importancia das existentes, esixiráselle un estudo acústico xustificativo previo á execución das obras, segundo o indicado no punto 3 do Anexo IV da ordenanza.



4. As actividades industriais que sexan susceptibles de producir molestias por vibracións, o Concello poderá requirirlles cando sexa necesario para o control do seu impacto na zona, a instalación dun sistema de monitorizado en continuo de vibracións 24 horas, de carácter temporal ou indefinido.

As características destes equipamentos seguirán o indicado no Anexo I.B.9.

No caso de que se detecten valores susceptibles de producir molestias, o Concello poderá iniciar un procedemento de control e inspección para que se proceda á súa emenda.

Artigo 19. Actividades, recintos e establecementos de ocio, públicos ou de similar concorrencia e funcionalidade

1. Para efectos de aplicación deste artigo, as actividades seguirán o establecido na disposición transitoria única da ordenanza.

2. As actividades deberán clasificarse necesariamente dentro dalgún dos grupos de actividade definidos nesta ordenanza, en función das súas características, horario de funcionamento permitido segundo a súa licenza ou título habilitante e nivel máximo de presión sonora interior.

No Anexo III móstrase algún exemplos de tipos de actividade e o mínimo grupo no que se deben englobar, tendo que encadrarse en grupos superiores se as características finais do seu funcionamento así o requiren.

3. Na tramitación dos expedientes correspondentes a novas actividades e as ampliacións ou modificacións de importancia das existentes, esixiráselle ao proxecto un estudo acústico xustificativo previo á execución das obras, segundo o indicado no punto 3 do Anexo IV da ordenanza.

4. Todas as máquinas e instalacións e, en especial, as de actividades situadas en edificios de vivendas ou lindeiros a estes, instalaranse sen ancoraxes nin apoios directos ao chan, ás paredes, ao teito ou aos piares, interpoñendo os amortecedores e outro tipo de elementos adecuados como bancadas flotantes, se fose preciso.

5. A produción e a transmisión de ruído e vibracións orixinados nas actividades axustaranse ao establecido na presente Ordenanza e no artigo 11 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia ou normativa que o substitúa. As persoas titulares desas actividades deberán adoptar as medidas de insonorización das fontes sonoras e de illamento acústico dos locais para cumprir cos valores límite de inmisión e transmisión de ruído e vibracións marcados nesta ordenanza; quedan ademais, sometidas aos condicionantes que regule a normativa estatal básica e autonómica de incidencia e protección ambiental, para aquelas que estean obrigadas por un procedemento de avaliación de impacto ambiental ou de avaliación de incidencia ambiental. Este procedemento incluírá un estudo acreditativo do seu impacto acústico conforme ao Anexo IV da ordenanza e esixirá o cumprimento das medidas correctoras que se diten.



6. Sen prexuízo do establecido nas ordenanzas municipais, para establecementos abertos ao público con terraza, as persoas titulares das actividades coidarán do mantemento da orde nas terrazas, e deberán solicitar a actuación do concello en caso de alteración ou molestia para a veciñanza. En ningún caso producirán e transmitirán ruído que supere, os valores que figuran na táboa II.B.3 do Anexo II da ordenanza, segundo corresponda, ben por comportamentos ou por calquera elemento susceptible de producir ruídos.

As terrazas que se empracen en vías ou prazas de uso público, ou en zonas que poidan afectar directamente a vivendas tales como patios interiores ou similares, non poderán contar con equipos de reprodución sonora, salvo que contén con autorización expresa motivada por parte do Concello por causa da realización dalgún tipo de evento especial, que en todo caso, deberá seguir o procedemento de solicitude ao Concello para o estudo da correspondente suspensión provisional dos obxectivos de calidade acústica, conforme ao descrito no artigo 9 desta Ordenanza, no caso da súa superación.

7. Calquera evento ou espectáculo público ou privado, que se celebre ao aire libre deberá garantir o cumprimento dos obxectivos de calidade acústica da ordenanza segundo o tipo de área acústica onde se encontren conforme os límites establecidos no Anexo II.

Na memoria que acompañe á solicitude para a celebración do evento, o promotor deberá presentar no concello a xustificación de tal aspecto.

No caso de superación dos límites, poderán solicitar ao concello para o seu estudo a correspondente suspensión provisional dos obxectivos de calidade acústica, conforme ao descrito no artigo 9 desta Ordenanza.

8. Os elementos de tipo atraccións recreativas que poidan instalarse en festas, feiras ou eventos similares, deberán garantir do mesmo xeito o cumprimento dos obxectivos de calidade acústica da ordenanza segundo o tipo de área acústica onde se encontren conforme aos límites establecidos no Anexo II. O Concello poderalles solicitar aos seus titulares, con carácter previo ou ben durante a celebración do evento se o considera oportuno, a limitación das súas emisións sonoras e/ou a unificación de todas elas nun só fío musical común, co fin de manter os niveis de son da zona dentro dos límites marcados polos obxectivos de calidade acústica

No caso de superación dos límites, poderán solicitar ao concello para o seu estudo a correspondente suspensión provisional dos obxectivos de calidade acústica, conforme ao descrito no artigo 9 desta Ordenanza.



CAPÍTULO III

Prevención e corrección da contaminación acústica

Sección 1ª. Prevención da contaminación acústica

Artigo 20. Illamento acústico

1. Cando o local público ou industria en que se desenvolvan actividades produza uns niveis de ruído superiores aos permitidos, considerarase responsable das molestias a persoa titular e/ou responsable da actividade, a quen lle será de aplicación o réxime sancionador previsto nesta ordenanza.

2. Para garantir a adecuada e eficaz defensa da saúde das persoas e do ambiente ante actividades que se desenvolvan en edificacións, o Concello esixiralles ás persoas titulares das actividades indicadas na disposición transitoria única desta Ordenanza, un certificado de illamento acústico da actividade, para comprobación do seu cumprimento en base ás medicións realizadas *in situ* segundo os procedementos normativos vixentes para cada ensaio, anterior ao inicio da súa actividade, e con independencia do grupo no que se engloben. Este documento estará composto dos seguintes parámetros establecidos, segundo o caso:

1) Illamento acústico a ruído aéreo entre a actividade e as vivendas lindeiras co local ($D_{nT,w} + C_{(100-5000\text{Hz})}$ e $D_{nT, 125 \text{ Hz}}$).

2) Illamento acústico a ruído aéreo da fachada da actividade ($D_{2m,nT,w} + C_{(100-5000\text{Hz})}$).

3) Nivel de ruído de impactos ($L'_{nT,w}$) nas vivendas lindeiras, coa actividade como recinto emisor.

4) Niveis de inmisión ($L_{K_{eq,T}}$) no interior dos recintos lindeiros co local e no exterior, derivados do funcionamento de accións habituais da súa actividade e da súa maquinaria, incluída calquera instalación susceptible de producir molestias.

5) Tempo de reverberación medio ($TR_{medio,500-2000\text{Hz}}$) no interior do local de actividade.

A certificación realizarana empresas ou entidades segundo os criterios esixidos no artigo 12 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia ou normativa que o substitúa. Deberase incluír nos informes a documentación necesaria que demostre o seu cumprimento. As medicións cumprirán coas especificacións establecidas na normativa vixente sobre edificacións e nos Anexos I, II e III da ordenanza.

3. O Concello poderá excluír de presentación desta certificación acústica aquelas actividades de pouco impacto acústico. Estas actividades deberán xustificar a súa inclusión dentro de actividades do Grupo 0. En todo caso, a non presentación inicial do certificado acústico para este tipo de actividades, non significa que non deba cumprir o esixido para actividades do Grupo 0, e que o dito certificado acústico se lle poderá esixir en calquera momento que se considere oportuno para comprobar o seu cumprimento.



4. Nos casos en que se xustifique que cunha actividade normal, e aínda aplicando as medidas correctoras posibles nos focos de ruído existentes, se están producindo niveis de inmisión de ruído superiores aos permitidos, para garantir a protección acústica das persoas, poderase esixir a adaptación e cumprimento dos niveis de illamento acústico expostos nesta Ordenanza a calquera actividade con licenza ou título habilitante en vigor.

5. Unha vez iniciada a actividade ou postas en funcionamento as instalacións, poderán realizarse inspeccións para comprobar que as actividades ou instalacións cumpren a normativa.

6. Os comportamentos cidadáns referidos no artigo 16, que non respecten o alí disposto para cumprimento de valores límite, sen prexuízo das sancións correspondentes, poden supoñer, en caso reiterado, a obriga dun illamento acústico como o indicado nesta ordenanza para actividades.

Artigo 21. Acondicionamento de actividades, establecementos e locais

1. Co fin de evitar a transmisión sonora directamente ao exterior, nas actividades englobadas nos grupos 5, e 6 do Anexo III será obrigatoria a instalación dunha dobre porta. As portas que conforman o vestíbulo deberán permanecer constantemente pechadas, agás unha durante a entrada e saída de persoas. As ventás do local tamén deben permanecer pechadas.

2. Aquelas actividades englobadas nos grupos 2, 3, 5 e 6 do Anexo III que dispoñan de equipamentos de reprodución de son ou audiovisuais estarán obrigadas a instalar aparellos de control permanente de ruído (limitadores de son), deseñados para garantir o cumprimento dos límites máximos permitidos de emisión e recepción sonora en función da actividade e do seu illamento acústico. As características destes equipamentos seguirán o indicado no Anexo I.B.7.

3. As actividades de ocio non industriais englobadas nos grupos 2, 3, 5 e 6 do Anexo III da ordenanza, independentemente doutras limitacións establecidas nesta disposición, están obrigadas a colocar un aviso visible en dimensión e iluminación que indique o seguinte: a normativa sobre contaminación acústica pola que se rexen (esta ordenanza), nome legal da actividade, titular e/ou responsable da actividade, enderezo, data de concesión da licenza ou da comunicación previa (declaración responsable), grupo de actividade en que se engloban segundo o indicado no Anexo III, horario de actividade, capacidade máxima do local, os niveis de ruído L_{Aeq} máximos medidos no centro do local en condicións de funcionamento, así como calquera outra limitación, medida de protección necesaria ou característica relevante, e o seguinte lema: «A exposición prolongada aos niveis sonoros do interior produce lesións permanentes no oído». O aviso será permanente desde o inicio da actividade, no formato que proporcione o Concello.



4. Aquelas actividades do grupo 4 que en horario nocturno desenvolvan actividades asimilables ás de ocio e entretemento nas que a música sexa parte fundamental da actividade deberán contar cun equipo de control permanente tipo sonógrafo. As características destes equipamentos seguirán o indicado no Anexo I.B.7.

5. Os aparellos limitadores de son deberán ser sometidos a unha inspección técnica por parte da empresa fabricante ou instaladora do equipo que certifique a súa revisión e correcto funcionamento. O seu resultado será notificado ao Concello de Ourense cada 5 anos a partir da súa instalación inicial ou da última certificación presentada, para incorporala ao seu expediente de actividade.

Sección 2ª. Protección e corrección da calidade acústica

Artigo 22. Actuacións e información sobre protección da calidade acústica

1. O Concello, para os efectos do establecido no artigo 5.1 desta ordenanza, servirase dos medios de publicación oportunos: taboleiro de edictos do concello e páxina electrónica do Concello.
2. Terá carácter de información pública:
 - A zonificación acústica do concello, incluídas as zonas acústicas singulares (reservas de sons de orixe natural, zonas tranquilas en campo aberto, zonas de protección e/ou situación acústica especial).
 - Os mapas de ruído e os plans de acción, incluídas as medidas correctoras derivadas da súa aplicación.
 - Aqueles supostos en que, por razóns excepcionais de interese público, o Concello concedera a suspensión dos obxectivos de calidade ou licenza de construción de edificacións que, cumprindo os obxectivos de calidade acústica en espazo interior, non se cumpran na área, incluída a motivación previa e as medidas correctivas correspondentes.
 - Os traballos en vía pública (destacando especialmente aqueles que sexan realizados en horario nocturno).
 - As rutas e horarios dos servizos de limpeza e de recollida de lixo.

3. De conformidade co artigo 4.2 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, o Concello deberá presentar ante a consellería competente en materia de ambiente a información alí sinalada nos prazos que se estipulan.

Artigo 23. Medidas de protección: mapas de ruído, plans de acción e outras actuacións

1. Sempre que proceda, o Concello elaborará e/ou esixirá os mapas de ruído, tanto os estratéxicos como os necesarios para o estudo do cumprimento dos obxectivos de calidade acústica, conforme ao establecido na Lei 37/2003, do ruído e o seu desenvolvemento regulamentario, así como os plans de acción derivados. O Concello revisaraos e, de ser o caso, modificaraos, polo menos cada cinco anos a partir da data da súa aprobación.



Os índices acústicos e os requisitos mínimos específicos para a súa elaboración son os establecidos pola normativa vixente.

2. O Concello poderá limitar o tráfico rodado se se comproba que os valores de ruído acadados pola densidade de tráfico ou polas emisións acústicas dos vehículos superan os marcados nesta normativa.

Sección 3ª. Potestade inspectora e sancionadora

Artigo 24. Inspección

1. O persoal funcionario que realice labores de inspección en materia de contaminación acústica poderá acceder a calquera lugar, instalación ou dependencia, de titularidade pública ou privada, de conformidade co establecido no artigo 4 desta ordenanza. No suposto de entradas domiciliarias requirirase o consentimento previo da persoa titular ou resolución xudicial.

2. As persoas titulares dos emisores acústicos regulados por esta lei están obrigadas a prestar ás autoridades competentes toda a colaboración que sexa necesaria, co fin de permitirles realizar os exames, controis, medicións e labores de recollida de información que sexan pertinentes para o desempeño da súas funcións.

3. As inspeccións poderán levarse a cabo de oficio ou por instancia de parte; faranse preferentemente no instante da denuncia, dentro das posibilidades do persoal encargado da avaliación e, en todo caso, o Concello atenderá as denuncias presentadas por posible afección debida á contaminación acústica nun prazo non superior a tres meses.

As actas formalizadas polo persoal inspector gozarán de presunción de veracidade e valor probatorio dos feitos, sen prexuízo doutras probas que os interesados poidan achegar. Deberán recoller, cumprindo os requisitos legalmente establecidos, toda a información que consideren relevante, tomando como exemplo os documentos do Anexo IV, entre outras:

- a) Localización (endereço, descrición de recintos ou calquera outra información que se considere relevante para a correcta localización)
- b) Persoa denunciante, de ser o caso;
- c) Responsable do recinto receptor, de ser o caso;
- d) Responsable do foco emisor;
- e) Outras persoas testemuñas da afección;
- f) Data e hora da inspección;
- g) Persoal inspector;
- g) Feitos;
- h) Actividades e niveis sonoros;
- i) Equipos de medición;



4. Terán validez, en todo caso, as medicións efectuadas polos sonómetros permanentes (sonógrafos) instalados de acordo ós artigos desta ordenanza. Corresponderá, e todo caso, ao presunto infractor a carga da proba do defectuoso funcionamento do sonómetro permanente.

Tamén serán válidas a todos os efectos as inspeccións e medicións realizadas polos técnicos con capacitación técnica esixida polos artigos 10 ou 12 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia ou normativa que o substitúa, segundo corresponda, achegando nos informes a documentación correspondente do cumprimento destes requisitos.

Artigo 25. Medidas provisionais

1. Cando se rexistre un incumprimento segundo o descrito no artigo 24, ou se comprobén circunstancias de risco grave para o medio ambiente, os bens, a saúde ou seguridade das persoas, motivado por contaminación por ruído ou vibracións, o órgano competente para resolver o procedemento, poderá adoptar as seguintes medidas provisionais:

- a) Suspensión do funcionamento da actividade, instalación ou foco emisor.
- b) Clausura temporal, total ou parcial da instalación ou establecemento.
- c) Suspensión temporal das licenzas, autorizacións, comunicacións previas, declaracións responsables ou título habilitante en que se ampare o desenvolvemento da actividade.
- d) Calquera outra medida de corrección, seguridade e control dirixida a impedir a continuidade da acción produtora do dano. Con carácter excepcional, os axentes da autoridade poderán adoptar a medida de comiso dos bens, obxectos ou instrumentos relacionados coa actividade perturbadora. En especial procederá, nos supostos de reincidencia e de desobediencia aos requirimentos previos realizados polos axentes da autoridade con relación ao cesamento da actividade prohibida.

2. Antes de iniciar o procedemento, o órgano inspector ou os axentes da Policía local, de oficio ou a instancia de parte, nos casos de urxencia inaprazable e para a protección provisional dos intereses implicados, poderán adoptar de forma motivada as medidas provisionais que resulten necesarias e proporcionadas. As medidas deberán ser ratificadas, levantadas ou modificadas no acordo de iniciación do procedemento, que deberá efectuarse dentro dos quince días seguintes á súa adopción, que poderá ser obxecto do recurso que proceda.

3. Estas medidas poden ser adoptadas, ratificadas ou levantadas polo órgano competente, en calquera momento, unha vez iniciado o procedemento, por propia iniciativa ou a proposta do instrutor, co fin de asegurar a eficacia da resolución e evitar a situación de risco grave.

Artigo 26. Precintos

O incumprimento das medidas provisionais ditadas para a adecuación á legalidade vixente, determinará a orde do precinto das actividades ou focos emisores para garantir a súa observancia.



Con independencia das responsabilidades penais en que se puidese incorrer, a manipulación, alteración, deterioración, ruptura etc., de precintos será constitutiva de infracción moi grave.

Artigo 27. Infraccións

A. Tipos de infraccións

Atendendo á Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, as posibles infraccións administrativas relacionadas coa contaminación acústica clasifícanse en leves, graves e moi graves. Son:

1) Infraccións leves:

- a) A non comunicación á Administración municipal dos datos requiridos por esta, nos termos e prazos establecidos para o efecto.
- b) A instalación e comercialización de emisores acústicos sen acompañamento de información sobre os seus índices de emisión, cando esta información sexa esixible conforme á normativa aplicable.
- c) Superar ata en 3 dB os límites sonoros máximos establecidos para ruído en período nocturno e ata en 5 dB para ruído en horario diúrno e vespertino, os límites sonoros máximos establecidos en cada caso.
- d) Transmitir vibracións cuxo valor do índice L_{aw} supere en máis de 3 dB.
- e) A emisión polo vehículo de motor ou ciclomotor de niveis sonoros que superen ata en 5 dB os límites máximos permitidos.
- f) O uso indebido da bucina ou calquera outro sinal acústico do vehículo.
- g) A emisión polos sistemas de reprodución de son ou polos sistemas de alarma existentes no vehículo de niveis sonoros superiores aos permitidos ata en 5 dB.
- h) O funcionamento das alarmas instaladas en vehículos incumprindo as especificacións técnicas en canto ao tempo máximo de emisión por ciclo de funcionamento ou secuencia de repetición, ou o funcionamento das alarmas instaladas en vehículos sen desconectarse por un período superior a cinco e inferior a trinta minutos en horario diúrno ou vespertino.
- i) O funcionamento de alarmas cando se incumpran as súas especificacións técnicas en canto ao tipo de alarma autorizado, tempo máximo de emisión por ciclo de funcionamento ou secuencia de repetición, ou o funcionamento de alarmas sen desconectarse por un período superior a tres e inferior a trinta minutos en horario diúrno ou vespertino.
- j) Practicar probas de comprobación do funcionamento de alarmas fóra do horario e das condicións establecidas pola Administración municipal.
- k) O uso non autorizado no medio ambiente exterior de elementos de megafonía ou dos dispositivos sonoros sinalados na presente ordenanza.



l) Desenvolver actuacións non autorizadas no medio ambiente exterior nas que se empreguen elementos de percusión, amplificación ou de reprodución sonora, ou actuacións musicais, cando incumpran o establecido na presente ordenanza.

m) Berrar ou vociferar, perturbando o descanso e a tranquilidade dos veciños ou viandantes ou impedindo o normal desenvolvemento das actividades propias do recinto receptor.

n) A realización de condutas prohibidas no artigo 16 da presente ordenanza.

ñ) O incumprimento das prescricións establecidas nesta ordenanza cando non estea tipificada como grave ou moi grave.

2) Infraccións graves:

a) Superar os límites de niveis sonoros máximos permitidos entre 3 e 6 dB para ruídos en período nocturno, e entre 5 e 10 dB para ruídos en período diúrno ou vespertino.

b) Transmitir vibracións cuxo valor do índice L_{aw} supere entre 5 e 7 dB o límite que lle sexa de aplicación.

c) O exercicio da actividade incumprindo as condicións en materia de contaminación acústica establecidas polo Concello na licenza municipal, ou pola súa esixencia, declaradas polo titular da actividade na comunicación previa ou declaración responsable presentada.

d) A iniciación das actividades ou a apertura de establecementos e instalacións susceptibles de producir ruídos ou vibracións sen obter a preceptiva e previa autorización ou título habilitante ou licenza.

e) O incumprimento das condicións de insonorización dos locais, recintos e instalacións.

f) A ocultación ou alteración de datos relativos á contaminación acústica achegados aos expedientes administrativos encamiñados á obtención de autorizacións e licenzas municipais relacionadas co exercicio das actividades reguladas nesta ordenanza.

g) O incumprimento dos requisitos de illamento acústico relativos á protección das edificacións contra a contaminación acústica.

h) O incumprimento das condicións establecidas en materia de contaminación acústica nas autorizacións sectoriais, licenzas, declaracións responsables ou comunicación previa.

i) Non ter permanentemente instalados e conectados os sistemas limitadores para autocontrol do volume de emisión dos equipos de reprodución ou amplificación de son ou manipulalos.

j) Non ter permanentemente instalados e conectados os sistemas de control e rexistro de ruído e/ou vibracións cando así fosen requiridos.

k) Non adoptar as medidas correctoras requiridas no prazo outorgado ou adoptalas de forma insatisfactoria ou incompleta, non cumprindo os requisitos esixidos para a súa licenza..

l) A emisión polo vehículo de motor ou ciclomotor de niveis sonoros que superen en máis de 5 dB e ata 7 dB os límites máximos permitidos.



m) Circular sen elementos silenciadores ou con estes ineficaces, inadecuados ou equipados con tubos de resonancia.

n) A emisión polos sistemas de reprodución de son ou polos sistemas de alarma existentes no vehículo de niveis sonoros superiores aos permitidos en máis de 5 dB e ata en 7 dB.

ñ) No caso dos dispositivos acústicos especiais dos vehículos de urxencia: a emisión de niveis sonoros superiores aos permitidos; o uso de sistemas frecuenciais, ou a utilización de sinais acústicos especiais fóra dos supostos permitidos.

o) O impedimento, atraso ou obstrución na actividade inspectora ou de control da Administración.

p) A non adopción de medidas correctoras requiridas polo Concello ante un caso de incumprimento dos obxectivos de calidade, requiridas no prazo outorgado, ou adopción delas de forma insatisfactoria ou incompleta, non cumprindo os requisitos esixidos para a súa licenza.

q) A reincidencia na comisión dunha mesma infracción leve en calquera momento ou a comisión de dúas infraccións leves distintas no período de dous anos

3) Infraccións moi graves:

a) Superar os límites de niveis sonoros máximos permitidos, en máis de 6 dB para ruídos en período nocturno e en máis de 10 dB para ruídos en período diúrno ou vespertino.

b) Transmitir vibracións cuxo valor do índice L_{aw} supere en máis de 7 dB o límite que lle sexa de aplicación.

c) A superación dos valores límite aplicables, cando se producise un dano ou unha deterioración para o ambiente, ou se puxese en perigo grave a seguridade ou saúde das persoas.

d) O incumprimento das obrigas derivadas da adopción das medidas provisionais e o levantamento do precinto indicadas nesta ordenanza.

e) A emisión polo vehículo de motor ou ciclomotor de niveis sonoros que superen en máis de 7 dB os límites máximos permitidos.

f) A emisión polos sistemas de reprodución de son ou polos sistemas de alarma existentes no vehículo de niveis sonoros superiores aos permitidos en máis de 7 dB.

g) No caso dos dispositivos acústicos especiais dos vehículos de urxencia, a non disposición do mecanismo de regulación de intensidade sonora ou o seu funcionamento inadecuado.

h) A manipulación, alteración, deterioración, ruptura de precintos por parte do seu titular ou de terceiros.

i) A reincidencia na comisión de tres infraccións graves no prazo de 2 anos.

A prescrición das infraccións rexerase polos seguintes criterios:

i) As infraccións moi graves prescribirán aos 3 anos, as infraccións graves aos 2 anos e as infraccións leves aos 6 meses.



ii) O prazo de prescrición comezará a contarse dende o día en que a infracción se tivera cometido. Cando se trate de infraccións continuadas, o prazo de prescrición comezará a contar desde o momento da finalización ou cesamento da acción ou omisión que constitúa a infracción.

lii) A prescrición das infraccións interromperase pola iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, renovándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivese paralizado durante máis de seis meses por causa non imputable ao interesado.

Artigo 28. Sancións

1. As sancións derivadas da comisión das infraccións anteriormente expostas, atendendo ás circunstancias particulares de cada caso, serán:

a) No caso de infraccións leves: multas desde 600 ata 1.000 euros.

b) No caso de infraccións graves:

i) Multas desde 1.001 ata 12.000 euros;

ii) Suspensión das licenzas ou autorizacións preceptivas por un período de tempo comprendido entre un mes e un día e un ano;

iii) Clausura temporal total ou parcial das instalacións por un período non superior a dous anos.

b) No caso de infraccións moi graves:

i) Multas desde 12.001 ata 300.000 euros;

ii) Suspensión das licenzas ou autorizacións preceptivas por un período de tempo comprendido entre un ano e un día e cinco anos, ou a súa revogación;

iii) Clausura definitiva, total ou parcial, das instalacións;

iv) Clausura temporal, total ou parcial, das instalacións por un período non inferior a dous anos nin superior a cinco;

v) Precintado temporal ou definitivo de equipamentos e máquinas;

vi) Prohibición temporal ou definitiva do exercicio de actividades;

vii) Publicación, a través dos medios que se consideren oportunos, das sancións impostas, unha vez que estas adquiran firmeza en vía administrativa ou, de ser o caso, xurisdiccional, así como os nomes, apelidos, denominación ou razón social das persoas físicas ou xurídicas responsables, e a índole e natureza das infraccións.

2. Unha vez iniciado o procedemento sancionador, o órgano competente para impoñer a sanción poderá adoptar, sen prexuízo da obriga de cumprimento das ordes e instrucións impartidas por axentes da autoridade para o cesamento inmediato da conduta ruidosa en salvagarda da orde, saúde ou seguridade públicos, entre outras, as medidas provisionais e/ou de precinto establecidas nos artigos 25 e 26 desta ordenanza.



Artigo 29. Procedemento sancionador e proporcionalidade

1. O Concello, segundo o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, exercerá a potestade sancionadora no ámbito da ordenanza, e a persoa titular da alcaldía ou a persoa en quen delegue, será a competente para iniciar e resolver os expedientes sancionadores derivados da infracción do disposto nela. Ante calquera denuncia por infracción do disposto na ordenanza seguirase o correspondente procedemento administrativo de comprobación, se for o caso, con maior brevidade. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento sancionador será de 6 meses.

2. As sancións impoñeranse en función das circunstancias do responsable, a importancia dos danos ou deterioros causados, ou das molestias ás persoas, aos bens ou ao medio ambiente, á intencionalidade ou descoído e á reincidencia ou á participación.

Artigo 30. Persoas responsables

1. Con carácter xeral, son responsables das infraccións das normas desta Ordenanza os causantes da perturbación ou, neste caso, as persoas das que dependan ou os titulares da actividade que produce a perturbación.

2. Só as persoas físicas ou xurídicas que sexan responsables delas poderán ser sancionadas polos actos constitutivos de infracción administrativa relacionados con esta Ordenanza, de conformidade co disposto na Lei, mesmo por mero incumprimento.

3. Cando na infracción participaran conxuntamente varias persoas e non sexa posible determinar o grao da súa intervención na infracción, a responsabilidade de todas elas será solidaria.

4. Cando a infracción fose cometida por un menor de idade, a responsabilidade das infraccións recaerá conxuntamente sobre este, pais, titores, acolledores e titores legais ou de feito, por esta orde. A incoación do procedemento sancionador e as súas resolucións administrativas serán notificadas tanto ao menor como ao responsable solidario, co fin de garantir os dereitos de ambos.

5. Cando a procedencia da inspección da denuncia proceda dunha vivenda particular, ou dun inmovible sen actividade coñecida, e o persoal municipal non poida acceder a ela nin identificar individualmente aos autores, entenderase responsable o propietario do inmovible.

6. As sancións impostas aos distintos suxeitos por unha mesma infracción serán independentes entre si.

Disposición adicional primeira. Reserva da competencia doutros organismos

O réxime que establece a ordenanza enténdese sen prexuízo das intervencións que correspondan a outros organismos da Administración na esfera das súas respectivas competencias.



Disposición adicional segunda. Réxime fiscal

De conformidade co previsto no número 4 do artigo 20 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais ou norma que a substitúa, as entidades locais poderán establecer taxas pola prestación de servizos de inspección que realicen para verificar o cumprimento do disposto na ordenanza.

Disposición adicional terceira. Actividades e infraestruturas novas

1. Considéranse actividades novas aquelas que iniciaron a tramitación das actuacións de intervención administrativa recollidas no artigo 18 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, con data posterior ao 23 de outubro de 2007.
2. Terán consideración de infraestruturas locais novas aquelas que teñan data de tramitación da declaración de impacto ambiental ou de aprobación do proxecto de execución, posterior á entrada en vigor do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia. Igualmente, terán consideración de novas infraestruturas aquelas que ante un novo trazado requiran a declaración de impacto ambiental ou impliquen a duplicación da súa capacidade ou intensidade media diaria de vehículos.

Disposición adicional cuarta. Calidade acústica en infraestruturas de competencia local

As infraestruturas locais existentes terán como obxectivo de calidade acústica acadar os valores indicados no artigo 12.1 da ordenanza, e as infraestruturas novas deberán cumprir cos valores límite de recepción segundo o artigo 14 da ordenanza, todo isto conforme aos prazos e condicionantes indicados no Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

Disposición transitoria única. Actividades e instalacións con licenza de actividade

As actividades, establecementos e instalacións con título habilitante de actividade autorizado (ou con eficacia) con posterioridade á entrada en vigor desta ordenanza, e aquelas con título habilitante de actividade autorizado (ou con eficacia) con anterioridade á entrada en vigor desta ordenanza que tras a entrada en vigor desta a incumpran, conforme ao seu artigo 27, deberán adaptarse a esta normativa co fin de garantir os niveis autorizados. Para facelo, deberán encadrarse e definirse necesariamente nalgún dos grupos que clasifica esta ordenanza no seu Anexo III co seu correspondente illamento acústico, con independencia daquilo ao que as faculte a súa epígrafe fiscal.

As actividades, establecementos e instalacións con título habilitante de actividade autorizado (ou con eficacia) con anterioridade á entrada en vigor desta ordenanza que tras a entrada en vigor desta, realicen modificacións substanciais, reformas que afecten ás solucións construtivas que poidan influír no illamento acústico do local tanto cara o exterior como aos recintos lindeiros, ampliacións e traslados de actividades, deberán adaptarse a esta normativa.



Os titulares de establecementos nos que se atope instalado un limitador de son deberán achegar unha inspección técnica recente por parte da empresa fabricante ou instaladora do equipo que certifique a súa revisión e perfecto funcionamento no prazo máximo de seis meses contados dende a entrada en vigor desta ordenanza.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa

Quedan derogadas todas cantas disposicións deste ou inferior rango regulen materias contidas nesta ordenanza, en canto se opoñan ou contradigan o seu contido.

Disposición derradeira primeira. Competencia municipal

A ordenanza sobre protección contra a contaminación acústica apróbase en virtude da competencia municipal en materia de protección do ambiente, de conformidade co disposto no artigo 25.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, en virtude do disposto na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, e o seu desenvolvemento regulamentario, composto polo Real decreto 1513/2005, do 16 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente á avaliación e xestión do ruído ambiental, o Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, a súa modificación polo Real decreto 1038/2012, do 6 de xullo, e o Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Conforme ao establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, esta ordenanza entrará en vigor aos 15 días hábiles da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, unha vez aprobada polo Pleno da Corporación.

ANEXO I

Índices acústicos e métodos de avaliación

A. Índices acústicos

O ruído e as vibracións son sensacións molestas relacionadas con interferencias ou alteracións no son, que se miden cuns índices cuantificados en unidades de decibelios (dB), cunha ponderación dada do son e nun rango determinado de frecuencias audíbles.

Nesta ordenanza a referida ponderación será sempre segundo o filtro de frecuencias tipo base A, salvo nos casos en que se indique o contrario.

1. Os índices acústicos que aplican na ordenanza son:

a) Para ruído:

$L_{Aeq,T}$ para avaliar niveis sonoros nun intervalo temporal T.



O índice de ruído continuo equivalente $L_{Aeq,T}$, é o nivel de presión sonora continuo equivalente, en decibelios, determinado sobre un intervalo temporal de T segundos.

L_{Amax} para avaliar niveis sonoros máximos durante o período temporal.

O índice de ruído máximo L_{Amax} , é o máis alto nivel de presión sonora, en decibelios, (con constante de integración de 0,125 s), L_{AFmax} , rexistrado no período temporal de avaliación.

$L_{K_{eq},T}$ para avaliar niveis sonoros nun intervalo temporal T, con correccións de nivel por compoñentes tonais emerxentes, por compoñentes de baixa frecuencia ou por ruído de carácter impulsivo.

O índice de ruído continuo equivalente corrixido $L_{K_{eq},T}$, é o nivel de presión sonora continuo equivalente, $L_{Aeq,T}$, corrixido pola presenza de compoñentes tonais emerxentes, compoñentes de baixa frecuencia e ruído de carácter impulsivo, de conformidade coa seguinte expresión:

$$L_{K_{eq},T} = L_{Aeq,T} + K_t + K_f + K_i(1)$$

Onde: K_t , K_f , K_i son os parámetros de corrección para avaliar a molestia ou os efectos nocivos pola presenza de compoñentes tonais emerxentes, compoñentes de baixa frecuencia e presenza de ruído de carácter impulsivo respectivamente, calculados por aplicación da metodoloxía descrita no Anexo I.B.4.

$L_{K,x}$ para avaliar a molestia e os niveis sonoros, con correccións de nivel por compoñentes tonais emerxentes, por compoñentes de baixa frecuencia ou por ruído de carácter impulsivo, nun período temporal «x».

O índice de ruído continuo equivalente corrixido mediado a longo prazo $L_{K,x}$, é o nivel sonoro determinado ao longo de todos os períodos temporais de avaliación «x» dun ano, dado pola expresión que segue:

$$L_{K,x} = 10 \cdot \log \left(\frac{1}{n} \sum_{i=1}^n \frac{10^{(L_{K_{eq},x})}}{10} \right) 2)$$

Onde: n é o número de mostras do período temporal de avaliación «x» e $(L_{K_{eq},x})_i$ é o nivel sonoro corrixido, determinado no período temporal de avaliación «x» da **i-ésima** mostra.



b) Para vibracións:

L_{aw} , para avaliar a molestia e os niveis de vibración máximos, durante o período temporal considerado, no espazo interior de edificios, determínase aplicando a fórmula seguinte:

$$L_{aw} = 20 \cdot \log \frac{a_w}{a_0} (3)$$

Onde: a_w é o máximo do valor eficaz (RMS) do sinal de aceleración, con ponderación en frecuencia w , no tempo t , en m/s^2 , e a_0 a aceleración de referencia ($a_0 = 10^{-6} m/s^2$).

O valor eficaz $a_w(t)$ obtense mediante medio exponencial con constante de integración de 1 s.

2. Períodos temporais de avaliación e definición de horarios.

a) Establécense tres períodos temporais de avaliación e horarios diarios: período día, das 7 ás 19 horas; período tarde, das 19 a 23 horas; período noite, das 23 ás 7 horas; cuns índices para avaliar os niveis sonoros neses períodos: $L_{Aeq,d}$, $L_{Aeq,e}$, $L_{Aeq,n}$ (tamén denominados L_d , L_e , L_n) respectivamente. Do mesmo xeito dáse para os índices equivalentes corrixidos L_{Kd} , L_{Ke} , L_{Kn} .

Existe un índice L_{den} para avaliar a molestia global durante todos os períodos (día, tarde e noite):

$$L_{den} = 10 \cdot \log \left(\frac{1}{24} \cdot \left(12 \cdot \frac{10^{L_d}}{10} + 4 \cdot \frac{10^{L_e+5}}{10} + 8 \cdot \frac{10^{L_n+10}}{10} \right) \right) (4)$$

b) Para efectos de calcular as medias a longo prazo, un ano corresponde ao ano natural no referente á emisión de son, e a un ano e medio polo que se refire ás circunstancias meteorolóxicas.

B. Métodos e procedementos de avaliación dos niveis acústicos

Para a avaliación dos niveis acústicos segundo o mencionado nos artigos 10 e 11, poderanse seguir dous métodos: de cálculo ou de medición. En todo caso, tomarase sempre o valor máis desfavorable.

Para efectos de inspección de actividades ou comportamentos, a valoración dos índices acústicos determinarase unicamente mediante medicións.

O cumprimento das especificacións da ordenanza, especialmente en vivendas, nos casos de mostraxe non é eximente para o resto.

1. Avaliación do ruído no ambiente exterior

A altura do punto de avaliación non será inferior a 1,5 m sobre o nivel dosolo.

Na avaliación dos niveis sonoros no ambiente exterior mediante índices de ruído, o son que se ten en conta é o son incidente, evitando ou corrixindo o son reflectido da seguinte forma:



- As medicións realizadas co micrófono situado a menos de 0,5 m dunha superficie reflectante aplicaráselles unha corrección de -6 dB ao valor global resultante, logo da aplicación das penalizacións e correccións por ruído de fondo estipuladas.
- As medicións realizadas co micrófono situado entre 0,5 e 2 m dunha superficie reflectante aplicaráselles unha corrección de -3 dB ao valor global resultante, logo da aplicación das penalizacións e correccións por ruído de fondo estipuladas.
- As medicións realizadas co micrófono situado a mais de 2 m dunha superficie reflectante non será preciso efectuar correccións por son reflectido.

2. Avaliación do ruído no ambiente interior

No interior de edificios o punto de avaliación situarase a unha altura de 1,5 m sobre o nivel do chan, a polo menos 1 m das paredes ou outras superficies ou obxectos, e aproximadamente a 1,5 m das fiestras en, como mínimo, tres posicións. Cando estas posicións non sexan posibles, as medicións realizaranse no centro do recinto a unha altura de entre 1,2 m e 1,5 m. As medicións realizaranse con portas e fiestras pechadas.

3. Métodos de cálculo

Os métodos de cálculo recomendados para a avaliación dos índices de ruído son os indicados na Directiva 2002/49/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño de 2002, así como no Real decreto 1513/2005, do 16 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente á avaliación e xestión do ruído ambiental, ou aqueles que os substitúan.

Tras a entrada en vigor da Directiva Europea 2015/996 e coa modificación do Anexo II do Real decreto 1513/2005, do 16 de decembro, pola que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente á avaliación e xestión do ruído ambiental, os métodos de cálculo serán os CNOSSOS-EU para o ruído industrial, o procedente de aeronaves, o do tráfico rodado e ferroviario, e os datos de emisións correspondentes.

Para a determinación dos niveis sonoros estes cálculos serán convenientemente corrixidos por outros factores que poidan influír nos niveis acústicos.

4. Métodos e procedementos de medición para ruído

Para as medicións terase en conta o indicado no artigo 12 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia ou normativa que o substitúa.

Os instrumentos de medida para son e vibracións e calibradores acústicos utilizados para a avaliación do ruído e vibracións cumprirán as disposicións de control metrolóxico establecidas na Orde ITC/2845/2007, do 25 de setembro, e serán tipo/clase 1, con filtros de banda de 1/3 de oitava para análise espectral. E contarán coa verificación periódica anual emitida por un laboratorio acreditado para tales efectos.



Os procedementos de medición *in situ* utilizados para a avaliación dos índices de ruído adecuaranse ao exposto neste punto.

As medicións pódense realizar en continuo durante o período temporal de avaliación completo ou aplicando métodos de mostraxe do nivel de presión sonora en intervalos temporais de medida T_i , un número de medidas n , seleccionados dentro do período temporal de avaliación (día, tarde e noite), e un número de puntos característicos da zona atendendo ás dimensións da área acústica e á variación espacial dos niveis sonoros, de forma que o resultado da medida sexa representativo da valoración do índice que se está avaliando.

Os valores medidos daranse cunha cifra decimal e o valor do nivel sonoro final, tras a realización dos procedementos que se describen a continuación, arredondarase á parte enteira como valor resultante para efectos de cumprimento desta ordenanza.

4.1 Avaliación dos obxectivos de calidade acústica:

- a) De forma preliminar valorarase a fonte sonora que teña maior contribución ambiental na área acústica, realizando unha avaliación dos episodios máis significativos, mediante medicións en continuo durante polo menos 24 horas.
- b) O micrófono situarase a unha altura de 4 metros sobre o nivel do solo, e separado polo menos 1,2 metros de calquera fachada ou obstáculo que poida introducir distorsións por reflexións na medida. Nestes casos xustificaranse tecnicamente os criterios de corrección aplicados.

4.2. Avaliación dos niveis sonoros producidos polos emisores acústicos:

a) Infraestruturas:

Deberanse realizar polo menos 3 series de medicións do L_{Aeq,T_i} , con tres medicións en cada serie, dunha duración mínima de 5 minutos ($T_i = 300$ segundos), con intervalos temporais mínimos de 5 minutos, entre cada unha das series.

A avaliación do nivel sonoro no período temporal de avaliación determinarase a partir dos valores dos índices L_{Aeq,T_i} de cada unha das medidas realizadas, aplicando a seguinte expresión:

$$L_{Aeq,T} = 10 \cdot \log \left(\frac{1}{n} \sum_{i=1}^n \frac{10^{L_{Aeq,T_i}}}{10} \right) 5)$$

Onde: T é o tempo correspondente ao período temporal de avaliación considerado; T_i o intervalo de tempo da medida i , tal que a suma dos T_i corresponde con T ; n é o número de medicións do conxunto das series de medicións realizadas no período de tempo de referencia T .



b) Actividades, comportamentos e resto de focos emisores:

A medición, tanto para o ruído emitido ao exterior como transmitido cara ao interior polos emisores acústicos, levarase a cabo no lugar en que o seu valor sexa máis alto.

Cando, polas características do emisor acústico, se comprobén variacións significativas dos seus niveis de emisión sonora durante o período temporal de avaliación, dividirase este, en intervalos de tempo, T_i , ou fases de ruído (i), nos cales o nivel de presión sonora no punto de avaliación se perciba de xeito uniforme.

En cada fase de ruído realizaranse, polo menos, tres medicións do L_{K_{eq}, T_i} , dunha duración mínima de 5 segundos, e recomendada de 30 segundos, con intervalos de tempo mínimos de 3 minutos entre cada unha das medidas.

As medidas consideraranse válidas cando a diferenza entre os valores extremos obtidos sexa menor ou igual a 6 dB. Se a diferenza é maior deberase obter unha nova serie de tres medicións que, de reproducirse constantemente, tomarase ese valor como resultado, se se determina a súa orixe.

Tomarase como resultado da medición o valor máis alto dos obtidos.

Cando se determinen fases de ruído, o nivel sonoro no período temporal de avaliación determinarase a partir dos valores dos índices L_{K_{eq}, T_i} de cada fase de ruído medida, aplicando a seguinte expresión:

$$L_{K_{eq}, T} = 10 \cdot \log \left(\frac{1}{n} \sum_{i=1}^n \frac{10^{L_{K_{eq}, T_i}}}{10} \right) (6)$$

Onde: T é o tempo correspondente ao período temporal de avaliación considerado; T_i o intervalo de tempo asociado á fase de ruído i, tal que a suma dos T_i corresponde con T; n é o número de fases de ruído en que se descompón o período temporal de referencia T.

4.3. Corrección dos niveis sonoros producidos por emisores acústicos:

Os niveis de ruído obtidos na medición fronte á fachada ou elemento reflector deberán corrixirse para excluír o efecto reverberante.

Na determinación do L_{K_{eq}, T_i} terase en conta a corrección por compoñentes tonais (K_t), impulsivas (K_i) e baixas frecuencias (K_f), e a corrección por ruído de fondo.

Determinarase a influencia do ruído de fondo para todas as medidas, e a presenza ou a ausencia de compoñentes tonais emerxentes, de compoñentes de baixa frecuencia e/ou compoñentes impulsivas, para a corrección do nivel sonoro, conforme os seguintes procedementos:



a) Corrección por ruído de fondo:

Para a determinación do ruído de fondo procederase de forma análoga ao descrito no punto 4.2 do Anexo I, co emisor acústico que se está avaliando parado. A corrección realizarase cando a diferenza entre o nivel de ruído e de fondo estea comprendida entre 3 dB e 10 dB, para o cal se toma:

$$L_{Aeq,TEmisor} = 10 \cdot \log \left(\frac{10^{\frac{L_{Aeq,TiTotal}}{10}} - 10^{\frac{L_{Aeq,TiFondo}}{10}}}{10} \right) + 7$$

Se a diferenza entre o nivel de ruído e o nivel de fondo é igual ou inferior a 3 dB, darase por nula a medición, ao ser o nivel de fondo demasiado elevado e non permitir unha determinación correcta; e, en caso de darse repetidamente, non se imputará ao emisor a afección. Se a diferenza entre o nivel de ruído e o nivel de fondo é superior a 10 dB, o nivel de ruído non precisa esta corrección.

b) Correccións por compoñentes tonais (K_t):

Realizarase a análise espectral do ruído en 1/3 de oitava sen filtro de ponderación (lineal) e calcularase a diferenza: $L_t = L_f - L_s$; onde: L_f , é o nivel de presión sonora da banda f , que contén o ton emerxente e L_s é a media aritmética dos dous niveis das bandas situadas inmediatamente por enriba e por baixo de f , debidamente corrixidos por ruído de fondo.

Determinarase o valor do parámetro de corrección K_t aplicando a táboa seguinte:

Banda de frecuencia	L_t (dB)	K_t (dB)
De 20 a 125 Hz	$L_t < 8$	0
	$8 \leq L_t \leq 12$	3
	$L_t > 12$	6
De 160 a 400 Hz	$L_t < 5$	0
	$5 \leq L_t \leq 8$	3
	$L_t > 8$	6
De 500 a 10.000 Hz	$L_t < 3$	0
	$3 \leq L_t \leq 5$	3
	$L_t > 5$	6

Táboa I.B.1



No suposto da presenza de máis dunha compoñente tonal emerxente adoptarase como valor do parámetro K_t , o maior dos correspondentes a cada unha delas.

c) Correccións por compoñentes de baixa frecuencia (K_f):

Mediranse, de forma simultánea, os niveis globais de presión sonora coas ponderacións frecuenciais A e C, e calcularase a diferenza entre os valores obtidos: $L_f = L_{Ceq,Ti} - L_{Aeq,Ti}$, debidamente corrixidos por ruído de fondo.

Determinarase o valor do parámetro de corrección K_f conforme o indicado no Anexo IV do Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ou norma que o substitúa ou modifique.

d) Correccións por compoñentes impulsivos (K_i):

Mediranse, de forma simultánea, os niveis de presión sonora continuo equivalente, nunha determinada fase de ruído de duración T_i segundos, na cal se perciba o ruído impulsivo, $L_{Aeq,Ti}$, e coa constante temporal impulso (I) do equipamento de medida, $L_{Aeq,Ti}$, e calcularase a diferenza entre os valores obtidos $L_i = L_{Aeq,Ti} - L_{Aeq,Ti}$, debidamente corrixidos por ruído de fondo.

Determinarase o valor do parámetro de corrección K_i conforme ao indicado no Anexo IV do Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ou norma que o substitúa ou modifique.

O valor máximo da corrección resultante da suma $K_t + K_f + K_i$ non será superior a 9 dB. Segundo o indicado o valor final do emisor será:

$$L_{K_{eq},Ti} = L_{Aeq,Ti} + K_t + K_f + K_i (8)$$

4.4. Condicións de medición:

Na realización das medicións para a avaliación dos niveis sonoros, deberanse gardar as seguintes precaucións:

- As condicións de humidade e temperatura deberán ser compatibles coas especificacións do fabricante do equipamento de medida.
- Na avaliación do ruído transmitido polo emisor acústico non son válidas as medicións realizadas no exterior con choiva, e para as medicións no interior terase en conta a influencia desta á hora de determinar a súa validez en función da diferenza entre os niveis do emisor a medir e o ruído de fondo, incluído neste o xerado pola choiva.



c) É preceptivo que antes e logo de cada medición se realice unha verificación acústica da cadea de medición mediante calibrador sonoro, que garanta unha marxe de desviación non superior a 0,3 dB respecto do valor de referencia inicial.

d) As medicións no ambiente exterior realizaranse usando equipamentos de medida con pantalla antivento. Así mesmo, cando no punto de avaliación a velocidade do vento sexa superior a 5 metros por segundo desistirse da medición.

5. Métodos e procedementos de medición de vibracións.

A avaliación do índice de vibración L_{aw} , realizarase con instrumentos que dispoñan de ponderación frecuencial w_m , e detector de media exponencial de constante de tempo de 1s. Obterase o valor eficaz máximo a_w .

Os procedementos de medición *in situ* utilizados para a avaliación do índice de vibración que establece esta ordenanza adecuaranse ás prescricións seguintes:

- a) Identifícaranse os posibles focos de vibración, as direccións dominantes e as súas características temporais. As medicións realizaranse sobre o chan, no lugar e momento de maior molestia; medírase en tres direccións ortogonais simultaneamente, obtendo o valor eficaz $a_{w,i}(t)$ en cada unha delas e o índice de avaliación como suma de cadrados, no tempo t , aplicando a expresión:

$$a_w(t) = \sqrt{a_{w,x}^2(t) + a_{w,y}^2(t) + a_{w,z}^2(t)}$$

Na medición de vibracións, de tipo estacionario ou transitorio, xeradas por actividades ou comportamentos, para as de tipo estacionario deberase realizar a medición, polo menos durante un minuto, no período de tempo en que se estableza o réxime de funcionamento máis desfavorable; e se este non é identificable, medírase polo menos un minuto para os distintos réximes; procederase do mesmo xeito para cada evento de funcionamento para as vibracións de tipo transitorio.

Na medición de vibracións xeradas polas infraestruturas, para as de tipo estacionario deberase realizar a medición, polo menos durante cinco minutos, no período de tempo de maior intensidade de circulación; e, no caso de descoñecerse datos do tráfico da vía, realizaranse medicións do valor eficaz a_w durante un día completo; procederase do mesmo xeito para cada evento de funcionamento para as vibracións de tipo transitorio. Para estes efectos, as vibracións causadas polo tráfico rodado consideraranse estacionarias e a medición destacará o tráfico de vehículos pesados.

- b) De tratarse de episodios reiterativos, realizarase a medición polo menos tres veces e darase como resultado o valor máis alto dos obtidos; se se repite a medición con seis ou máis eventos, permítese caracterizar a vibración polo valor medio máis unha desviación típica.



c) Na medición da vibración producida por un emisor acústico, para efectos de comprobar o cumprimento do estipulado nesta ordenanza, procederase á corrección da medida pola vibración de fondo (vibración co emisor parado), cos mesmos criterios de corrección que os establecidos para ruído no punto 4.3.a) do Anexo I.B.

d) É preceptivo que antes e despois de cada medición se faga unha verificación da cadea de medición cun calibrador de vibracións que garanta o seu bo funcionamento. Para efectos de inspección de actividades, para a verificación *in situ* dos instrumentos de medida son válidos os calibradores de vibracións cuxo punto de calibración se sitúe a 159,2 Hz ou inferior.

6. Métodos e procedementos de medición das condicións acústicas dos locais

Este punto, para todos os efectos, será de referencia tanto para esixencias como para métodos de medición recomendados na normativa de edificacións, conforme o establecido na lexislación sectorial vixente, indicada no artigo 17.

As medicións acústicas realizaranse conforme ás Normas UNE-EN ISO 16283-1:2015(+A1:2018), UNE-EN ISO 16283-2:2021, UNE-EN ISO 16283-3:2016 e UNE-EN ISO 3382-2:2008, ou outras posteriores que as substitúan, respectivamente segundo corresponda para cada tipo de ensaio.

Para avaliación das condicións acústicas dos locais de actividade no que se refire ao illamento a ruído aéreo e ruído de impactos, tomarase como recinto emisor o propio local de actividade, e como recintos receptores os máis afectados da vivenda ou vivendas lindeiras.

As medicións, tanto para illamento a ruído aéreo, fachada como para reverberación, serán primordialmente en bandas de terzo de oitava e no rango de frecuencias comprendido entre 100 e 5.000 Hz, salvo que na normativa sectorial indicada se esixan outras especificacións.

Para a avaliación do ruído de impacto se realizará en bandas de terzo de oitava e no rango de frecuencias comprendido entre 100 e 3.150 Hz, salvo que na normativa sectorial indicada se esixan outras especificacións.

En todas as mostraxes se avaliará o ruído de fondo.

Indícanse as seguintes particularidades para o cumprimento da ordenanza:

- Na medición do illamento acústico a ruído aéreo, no caso de inspección de actividades, as medicións realizaranse respecto aos recintos da vivenda máis afectados pola actividade. Para a determinación do parámetro de illamento a baixas frecuencias, $D_{nT, 125Hz}$, empregárase a seguinte fórmula:

$$D_{nT, 125Hz} = -10 \cdot \log \left(\frac{1}{3} \cdot \left(\frac{10^{-D_{nT, 100Hz}}}{10} + \frac{10^{-D_{nT, 125Hz}}}{10} + \frac{10^{-D_{nT, 160Hz}}}{10} \right) \right) 10$$



- Na medición do illamento acústico a ruído aéreo de fachadas, nos casos en que a actividade se desenvolva dentro dunha parcela e se determine a afección da actividade ao exterior, para a valoración do illamento da fachada, os resultados obtidos poden corrixirse pola distancia das fachadas aos lindeiros da seguinte forma:

$$D_{2m,nT,w+C(100-5000Hz)} \text{corrixido} = D_{2m,nT,w+C(100-5000Hz)} + 10 \cdot \log(d)(11)$$

Onde D é a distancia mínima da fachada considerada aos lindeiros da parcela diminuída en 2 metros.

- Na medición do illamento acústico a ruído de impactos, co fin de valorar a eficiencia do illamento das actividades, realizarase a medición conforme á norma UNE-EN ISO 16283-2:2021 ou outras posteriores que as substitúan, utilizando como recinto emisor o local de actividade e como receptor os máis afectados da vivenda ou vivendas lindeiras sexa cal sexa a súa colindancia (superior, inferior ou mesma planta)
- Na medición do tempo de reverberación de recintos, os valores do tempo de reverberación establecidos como límite entenderanse como a media dos valores en cada banda ou, cando menos, a media de 500, 1.000 e 2.000 Hz. Especificaranse arredondados á primeira cifra decimal.

7. Características dos limitadores rexistradores de son

Esixiráselles ás actividades un certificado de limitación dos equipamentos, expedido por unha entidade de avaliación acústica cun informe onde constará o equipamento e o limitador/rexistrador, así como as imaxes dos equipos onde se identifique claramente a configuración para facilitar a súa posterior comprobación.

Será obrigatorio notificar ao Concello os cambios que se produzan e axustar o limitador.

Entre as características destes equipamentos estarán as seguintes:

- As limitacións serán, como mínimo, en frecuencias de bandas de oitava, para toda a cadea de son, e en función do tipo de actividade e curva de illamento acústico medido *in situ*.
- O micrófono do dispositivo terá que instalarse nun lugar visible, libre de calquera manipulación indebida e nun lugar representativo do nivel de ruído do local.
- Serán rexistradores e precintables, de xeito que non exista posibilidade de manipulación ou de que non memorice unha posible manipulación.
- O almacenamento da información dos rexistradores darase, como mínimo, durante doce meses para posteriores inspeccións.
- Disporán dun sistema que permita trasladar a información a outros equipamentos electrónicos para a súa análise.



- Deberase habilitar o acceso remoto a eses datos para o persoal técnico do Concello, mediante unha plataforma telemática ou sistema de transmisión análogo que permita unha consulta do estado do aparello e os niveis rexistrados en tempo real.

Os protocolos de transmisión, funcionamento das plataformas, formas de acceso etc. deberán definirse claramente xunto co certificado de instalación do dispositivo, para o correcto uso do persoal técnico do Concello.

O titular da actividade, deberá garantir mediante os medios necesarios (tarxeta SIM, Wi-Fi etc.) a correcta transmisión de datos do dispositivo.

8. Características dos sonógrafos rexistradores

Os sonógrafos rexistradores do nivel sonoro no interior dos locais de actividades terán as seguintes características mínimas:

- Rexistro e almacenamento do período de funcionamento ruidoso da actividade na que se indica como mínimo: data e hora do comezo, data e hora de terminación, máximo nivel continuo equivalente durante polo menos 1 minuto do período e hora na que esta se produce, así como os niveis continuos equivalentes medio e mínimo da sesión.
- Rexistro e almacenamento dos períodos de funcionamento das fontes, rexistrando data e hora de acendido e data e hora de apagado.
- Capacidade de conservación da información rexistrada e almacenada correspondente a un período mínimo de doce meses.
- Disposición dun sistema que permita realizar a lectura da información rexistrada e almacenada, de forma que esta poida ser trasladada aos sistemas informáticos do servizo municipal competente para a súa análise e avaliación. Todas estas operacións deberán poder realizarse sen destrución nin alteración da información almacenada no dispositivo, e non deberá existir posibilidade ningunha de manipulación desta información.
- O elemento sensor do sonógrafo (micrófono) deberá ir instalado nun lugar visible dende a entrada do local, na zona que caracterice na maior medida o nivel sonoro existente en todo o local, fóra do alcance natural dos clientes do local ou protexido contra posibles accións indebidas (golpes, subtracción etc.).

9. Características dos sistemas de monitorizado de vibracións

Entre as características destes equipamentos estarán as seguintes:

- Deberán garantir o almacenamento da información durante polo menos doce meses para posteriores inspeccións.
- Deberase habilitar o acceso remoto a eses datos para o persoal técnico do Concello.
- O sistema deberá estar baseado nun acelerómetro triaxial para garantir a medición simultánea en tres direccións ortogonais si a dirección dominante non está definida.



ANEXO II

Obxectivos de calidade e valores límite de recepción

Obxectivos de calidade.

Obxectivos de calidade acústica aplicables a áreas urbanizadas existentes.

Tipo de área acústica		Índices de ruído		
		L _d	L _e	L _n
a	Residencial	65	65	55
b	Industrial	75	75	65
c	Recreativa e de espectáculos	73	73	63
d	De uso terciario distinto do mencionado en c)	70	70	65
e	Sanitario, docente e cultural	60	60	50
f	Con sistemas xerais de infraestruturas de transporte ou outros equipamentos públicos que os reclamen (1)	(2)	(2)	(2)
g	Espazos naturais	(3)	(3)	(3)

Táboa II.A.1

(1) Nestes sectores do territorio adoptaranse as medidas adecuadas de prevención da contaminación acústica, en particular mediante a aplicación das tecnoloxías de menor incidencia acústica de entre as mellores técnicas dispoñibles, de acordo coa letra a) do artigo 18.2 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído.

(2) No límite destes sectores do territorio non se superarán os obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables ao resto de áreas acústicas lindeiras con eles.

(3) Os obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables aos espazos naturais estableceranse para cada caso particular, atendendo a aquelas necesidades específicas deles.

Nota: os obxectivos de calidade aplicables ás áreas acústicas están referidos a unha altura de 4 m.

As áreas urbanizadas posteriores á entrada en vigor do Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, teñen como obxectivo de calidade os valores que se mostran na táboa II.A.1 do sector do territorio correspondente, diminuído en 5 dB.

As zonas tranquilas en campo aberto terán como obxectivo de calidade acústica os niveis sonoros da área en cuestión en que se atopen diminuído en 5 dB, e permanecerán suxeitos a plans zonais específicos encamiñados a impedir o incremento dos niveis sonoros ambientais existentes nelas.



As zonas de protección acústica especial (ZPAE) e as zonas de situación acústica especial (ZSAE) terán por obxectivos de calidade o cumprimento dos valores das áreas correspondentes, no menor prazo de tempo posible e coas medidas correctoras que se consideren segundo o previsto pola Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído.

Nos sectores do territorio gravados por servidumes acústicas os valores de recepción de ruído poderán superar os obxectivos de calidade acústica aplicables ás correspondentes áreas acústicas.

Obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables a espazo interior ⁽⁴⁾.

Uso do edificio	Tipo de recinto	Índices de ruído		
		L _d	L _e	L _n
Vivenda ou residencial	Estancias	45	45	35
	Dormitorios	40	40	30
Hospitalario	Estancias	45	45	35
	Dormitorios	40	40	30
Educativo ou cultural	Aulas	40	40	40
	Salas de lectura	35	35	35

Táboa II.A.2

(4) Os valores mostrados refírense ao conxunto de emisores acústicos que inciden no interior do recinto, tanto por transmisión de ruído ambiental exterior como por instalacións, actividades ou comportamentos, no propio edificio ou en lindeiros.

Nota: os obxectivos de calidade aplicables en espazo interior están referidos a unha altura de entre 1,2 e 1,5 m.

Obxectivos de calidade acústica para vibracións aplicables a espazo interior ⁽⁵⁾.

Uso do edificio	Índice de vibración L _{aw}
Vivenda ou uso residencial	75
Hospitalario	72
Educativo ou cultural	72
Hospedaxe	78
Oficinas	78
Actividades	84

Táboa II.A.3



- (5) Os valores mostrados refírense ao conxunto de emisores acústicos que inciden no interior do recinto, tanto por transmisión de ruído ambiental como por instalacións, actividades ou comportamentos, no propio edificio ou en lindeiros.

Valores límite.

Valores límite de recepción de ruído aplicables a novas infraestruturas.

Tipo de área acústica		Índices de ruído		
		L _d	L _e	L _n
a	Residencial	60	60	50
b	Industrial	70	70	60
c	Recreativa e de espectáculos	68	68	58
d	De uso terciario distinto do mencionado en c)	65	65	55
e	Sanitario, docente e cultural	55	55	45

Táboa II.B.1

Valores límite de recepción máximos de ruído aplicables a infraestruturas.

Tipo de área acústica		Índice de ruído LA _{max}
a	Residencial	85
b	Industrial	90
c	Recreativa e de espectáculos	90
d	De uso terciario distinto do mencionado en c)	88
e	Sanitario, docente e cultural	80

Táboa II.B.2



Valores límite de recepción de ruído en exterior, aplicables a actividades, instalacións ou comportamentos.

Tipo de área acústica		Índices de ruído		
		$L_{K,d}$	$L_{K,e}$	$L_{K,n}$
a	Residencial	55	55	45
b	Industrial	65	65	55
c	Recreativa e de espectáculos	63	63	53
d	De uso terciario distinto do mencionado en c)	60	60	50
e	Sanitario, docente e cultural	50	50	40

Táboa II.B.3

Valores límite de recepción de ruído en interior, transmitido por actividades, instalacións ou comportamentos, a locais lindeiros.

Uso do local lindeiro	Tipo de recinto	Índices de ruído		
		$L_{K,d}$	$L_{K,e}$	$L_{K,n}$
Residencial	Estancias	40	40	30
	Dormitorios	35	35	25
Administrativo e de oficinas	Despachos profesionais	35	35	35
	Oficinas	40	40	40
Sanitario	Zonas de estancia	40	40	30
	Dormitorios	35	35	25
Educativo ou cultural	Aulas	35	35	35
	Salas de lectura	30	30	30
Comercial		50	50	50
Actividades		55	55	50

Táboa II.B.4



ANEXO III

Clasificación de actividades que se desenvolven en edificacións e valores de illamento para o desenvolvemento de actividades

Clasificación de actividades que se desenvolven en edificacións.

1. Para a consideración dos valores de illamento que se indican na liña B deste anexo, as actividades que se levan a cabo clasifícanse, en función do seu grao de molestia, nos seguintes grupos, atendendo ás súas características de funcionamento e ao horario de apertura que lle permite a súa licenza ou título habilitante:

Grupo	Características de funcionamento	
	Horario	Nivel sonoro, L (dB)
0	Calquera	≤ 75
1	Das 7 ás 23 horas	Entre 76 e 80
2		Entre 81 e 90
3		> 90
4	Das 23 ás 7 horas, parcial ou totalmente	Entre 76 e 80
5		Entre 81 e 90
6		> 90

Táboa III.A.1

Indícase a continuación unha serie de exemplos de tipos de actividade que se englobarán, como mínimo, nos grupos definidos, tendo que encadrarse en grupos superiores se as características concretas do seu funcionamento e os niveis sonoros que neles se produzan así o requirisen, co fin de garantir os niveis de inmisión de ruído e vibracións exteriores e interiores, establecidos nesta ordenanza.

Estes aspectos irán incluídos nos estudos acústicos xustificativos esixidos segundo os artigos 18 e 19 da presente ordenanza.

- a) Grupo 0: despachos profesionais, farmacias, librarías, papelerías, froitarías, tendas, despachos de pan, estancos e similares.
- b) Grupo 1 e 4 (segundo o horario de desenvolvemento da actividade e/ou permitido na súa licenza ou título habilitante): ximnasia, garaxes, perruquerías, lavanderías, supermercados, talleres, centros de ocio, industrias, restaurantes, bares, taperías, cafeterías e similares.



c) Grupo 2 e 5 (segundo o horario de desenvolvemento da actividade e/ou permitido na súa licenza ou título habilitante): academias de baile, academias de música, panaderías e confeitaría con obradoiro, industrias, pubs e outros similares.

d) Grupo 3 e 6 (segundo o horario de desenvolvemento da actividade e/ou permitido na súa licenza ou título habilitante): discotecas, salas de festas e similares.

2. De forma excepcional, as actividades que posúan diferentes zonas con niveis de ruído claramente diferenciados, e que permitan aplicar medidas de illamento acústico específicas para cada unha que garantan a non transmisión de ruído a través delas (por exemplo, unha aula de música dentro dun centro de formación, unha sala de máquinas dun supermercado etc.), poderán definir diferentes graos de illamento en cada zona encadrando cada unha no seu grupo correspondente.

Este aspecto deberá xustificarse no correspondente estudo acústico xustificativo, e deberá presentarse un certificado de illamento acústico en base ás medicións realizadas *in situ*, de cada unha das zonas definidas.

En ningún caso se poderá facer esta diferenciación para actividades de hostalería e ocio nocturno.

3. Tanto os exemplos indicados no punto anterior como as actividades que non estean expresamente comprendidas na nomenclatura dos grupos referenciados, encadraranse, para os efectos de cumprimento desta ordenanza, dentro do grupo con que teña maior afinidade, en función dos parámetros máis restritivos: período de actividade e nivel de presión sonora.

4. As vivendas con niveis sonoros interiores superiores a 70 dB serán consideradas como actividades para os efectos da ordenanza e en ningún caso poderán superar os 80 dB.

5. O nivel sonoro L indicado na táboa III.A.1 corresponderá co nivel L_{Aeq} , calculado segundo as directrices marcadas nesta ordenanza, no caso máis desfavorable, durante o desenvolvemento da súa actividade.

Valores de illamento acústico e reverberación interior para o desenvolvemento de actividades.

1. O illamento acústico de edificacións e actividades cumprirá co establecido na lexislación vixente, segundo se indica nos artigos 17, 19, 20 e na disposición transitoria única da ordenanza, tanto no referente á obtención de licenzas de ocupación como á realización de actividades; conforme o esixido polo Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, nos seus artigos 10, 11 e na disposición transitoria segunda.



2. Actividades.

- Os diferentes niveis de illamento acústico e tempo de reverberación das actividades deben ser medidos segundo os procedementos normativos vixentes para cada ensaio.
- Os valores de illamento acústico indicados na táboa III.B.1 son de aplicación ás actividades indicadas na disposición transitoria única, conforme aos grupos da táboa III.A.1.

Grupo	Illamento a ruído aéreo respecto a vivendas lindeiras (dB)		Illamento a ruído aéreo de fachada (dB)	Illamento a ruído de impactos respecto a vivendas lindeiras (dB)
	$D_{nT,w}+C$	$D_{nT} 125 \text{ Hz}$	$D_{2m,nT,w}+C$	$L'_{nT,w}$
0	≥ 55	≥ 40	≥ 35	≤ 60
1	≥ 55	≥ 45	≥ 35	≤ 50
2	≥ 60	≥ 50	≥ 40	≤ 45
3	≥ 65	≥ 55	≥ 45	≤ 40
4	≥ 60	≥ 45	≥ 40	≤ 40
5	≥ 70	≥ 55	≥ 50	≤ 35
6	≥ 75	≥ 60	≥ 55	≤ 35

Táboa III.B.1

- Os niveis de illamento acústico indicados na táboa III.B.1, de cumprimento obrigatorio para toda actividade, considerando a esta como o recinto sonoro emisor, determinaranse en base aos seguintes índices:

- Para o illamento acústico a ruído aéreo coas vivendas lindeiras, empregaranse dous índices:

- Para valorar o illamento acústico global do local empregaranse o índice $D_{nT,w}+C$, é dicir, o valor global $D_{nT,w}$ máis o termo de adaptación espectral $C_{100-5.000\text{Hz}}$.
- Para valorar o illamento acústico do local a baixas frecuencias empregaranse o índice $D_{nT,125 \text{ Hz}}$ (dB), calculado segundo a definición dada na ecuación 10 definida no Anexo I.B.6.

- Para o illamento acústico global a ruído aéreo de fachada empregaranse o índice $D_{2m,nT,w}+C$, é dicir, o valor global $D_{2m,nT,w}$ máis o termo de adaptación espectral $C_{100-5.000\text{Hz}}$.



Nos casos en que a actividade se desenvolva dentro dunha parcela, para a valoración do illamento da fachada, o valor de illamento global obtido pode corrixirse pola distancia das fachadas aos lindeiros, segundo a ecuación 11 descrita no Anexo I.B.6.

iii) Para o illamento acústico global a ruído de impactos coas vivendas lindeiras empregarase o índice $L'_{nT,w}$ (dB), co que valorar o nivel de ruído de impactos que se recibe no recinto receptor.

d) As actividades englobadas nos grupos 3 a 6 (ambos os dous incluídos) en ningún caso terán as fiestras e portas abertas, salvo para o tránsito de persoas.

e) Todos os aparellos elevadores, instalacións de ventilación, pasos de tubaxes, condutos de calefacción, auga, gas e similares estarán correctamente selados e illados acusticamente para evitar a transmisión de ruído aéreo e/ou vibracións, conforme á normativa aplicable.

f) Os valores de illamento acústico indicados neste anexo enténdense sen prexuízo do cumprimento dos valores límite de recepción da ordenanza, tanto en interior como exterior; polo que os valores mostrados se utilizarán por defecto, sendo os necesarios para illamento, en todo caso, aqueles que garantan o cumprimento dos mencionados valores límite.

g) No referente ao tempo de reverberación, e sen prexuízo do indicado na normativa específica de edificacións, a saber, *Real Decreto 1371/2007, do 19 de outubro*, polo que se aproba o documento básico «DB-HR Protección fronte ao ruído» do Código técnico da edificación e se modifica o Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico da edificación, ou na norma que o modifique ou substitúa, as actividades deben cumprir no seu interior coas seguintes condicións:

i. O tempo de reverberación debe medirse segundo o procedemento establecido na normativa vixente. En base ao resultado da medición en bandas de frecuencia, o valor medio do tempo de reverberación obterase entre as oitavas de 500 Hz e 2.000 Hz, e expresarse en segundos, aplicando o redondeo á primeira cifra decimal.

ii. O tempo de reverberación en aulas e salas de conferencias baleiras (sen ocupación e sen mobiliario), cuxo volume sexa menor que 350 m³, non será maior que 0,7 s.

iii. O tempo de reverberación en cafés, bares, café-bares, cafeterías, restaurantes, comedores baleiros e en xeral as actividades de hostaleira na zona de uso público, sen ocupación nin mobiliario, non será maior que 0,9 s.



ANEXO IV

Estudos acústicos

O contido de todo estudo acústico, conforme o indicado no artigo 4.2, especialmente nas figuras indicadas nos artigos 9, 18 e 19, será o seguinte:

1. Para a avaliación do impacto acústico :

- a) Prazo de actuación en que estará vixente o estudo.
- b) Descrición das características da zona ou actividade avaliada: tipo de zona acústica, tipo de actividade e titular desta; en todo caso relacionando o grao do impacto acústico en función do horario.
- c) Recintos afectados na zona ou lindeiros coa actividade en avaliación, identificando os puntos máis desfavorables e os valores límite de recepción.
- d) Mapa de ruído da zona ou contorna da actividade antes e despois da realización de calquera cambio: plano 1/5000 (ou da precisión necesaria para a súa correcta visualización), identificando os principais focos emisores e indicando os valores previsibles dos índices acústicos, as persoas e vivendas afectadas, así como o plan de acción e medidas correctoras correspondentes.

2. Para a avaliación específica do impacto acústico para a suspensión dos obxectivos de calidade acústica :

- a) Descrición das características da zona e da actividade avaliada: tipo de zona acústica, tipo de actividade, titular, localización e duración do evento;
- b) Xustificación técnica dos niveis de emisións previstos para a actividade e dos niveis de ruído máximos recibidos nas fachadas máis afectadas e/ou na contorna,
- c) Definición das medidas correctoras para aplicar, e se é o caso, xustificación da imposibilidade do cumprimento dos OCA para a correcta realización do evento.

3. Para as solicitudes de actividades e industrias:

1. Xustificación motivada da solicitude, indicando a aplicación de mellores técnicas dispoñibles e a súa eficacia no cumprimento dos valores establecidos nesta ordenanza.
2. Prazo de actuación para o cal se solicita a vixencia do estudo.
3. Descrición das características da zona ou actividade avaliada: tipo de zona acústica, tipo de actividade e titular desta; en todo caso relacionando o grao do impacto acústico en función do horario.
4. Xustificación do encaixe no correspondente grupo de actividades establecido na táboa III.A.1 do Anexo III, segundo as fontes de ruído que posúa a actividade para desenvolver.
5. Descrición das características técnicas e do illamento acústico antes e despois da realización de calquera cambio, e cálculos xustificativos de cumprimento dos valores mínimos de illamento establecidos, e que garantan a non superación dos valores límite de inmisión.



6. Recintos afectados na zona ou lindeiros coa actividade en avaliación, identificando os puntos máis desfavorables e os valores límite de recepción.

7. En casos recorrentes ou que supoñan algún tipo de afección nos obxectivos de calidade acústica, o concello poderá solicitarlles aos titulares un mapa de ruído da zona ou contorna da actividade antes e despois da realización de calquera cambio: plano 1/5000 (ou da precisión necesaria para a súa correcta visualización), identificando os principais focos emisores e indicando os valores previsibles dos índices acústicos, as persoas e vivendas afectadas, así como o plan de acción e medidas correctoras correspondentes.

ANEXO VI

Contido mínimo dos documentos resumo das inspeccións de ruídos do persoal do concello

PARTE XUSTIFICATIVO DE TRABALLOS

A petición de:

Denunciante: _____ **NIF:** _____

Enderezo: _____ **Localidad** _____

solicítase ao Concello de Ourense a realización dos seguintes traballos:

MEDICIÓN IN SITU DO NIVEL DE RUÍDO INTERIOR DEBIDO A FOCO EMISOR LINDEIRO.

MEDICIÓN IN SITU DO NIVEL DE RUÍDO EXTERIOR DEBIDO A FOCO EMISOR PRÓXIMO.

OUTRO (describir).

.....

.....





OBSERVACIÓNS ADICIONAIS:

Os traballos indicados realízanse o día ____ / ____ / 20____, a partir das ____ : ____ horas, segundo o requirido polo peticionario e no emprazamento indicado a continuación:

ENDEREZO:

_____, ____ de _____ de 20____

ACTA DE MEDICIÓN DE
RUÍDOS

IDENTIFICACIÓN DAS
PARTES IMPLICADAS

DENUNCIANTE

DNI

ENDEREZO

DENUNCIADO/A

DNI

ENDEREZO

ACTIVIDADE OU LOCAL
DENUNCIADO

ENDEREZO



2. INSPECCIÓN DA CONTORNA

CONTORNA RECEPTORA DO RUÍDO

ACTIVIDADE OU USO DO LUGAR

TIPO DE RECINTO (dormitorio, salón etc.)

FONTE EMISORA DO RUÍDO

LOCALIZACIÓN

NATUREZA DO RUÍDO

3. CONDICIÓN BÁSICAS DE MEDICIÓN

DATA DA
MEDICIÓN

Día/Mes/Ano: ____ / ____ /

20 ____ Hora inicial: ____ :

____ Hora final: ____ : ____

CALIBRADO

Mar

Modelo

Nº

Data:

R

ca

Serie

SONÓMETR

Mar

Modelo

Nº

Data:

O

ca

Serie

4. CONDICIÓN ESPECÍFICAS DO EQUIPO DE MEDIDA

CALIBRACIÓN $L_{Zeq} = 94,0 \pm 0,2$ dB a 1

KHz (Espectro)

Inicial:

Final:

5. CONFIGURACIÓN DO ÍNDICE E TEMPO DE MEDIDA, T

Índice: $L_{Aeq,T}$, con T= ____

segundos

6. MEDICIÓN DE RUÍDO

Nº DE MEDIDA	RUÍDO PARA AVALIAR		RUÍDO DE FONDO
	Nº Rexistro	Nivel medido	Nº Rexistro
1			
2			
3			





1. IDENTIFICACIÓN DAS PARTES IMPLICADAS

DENUNCIANTE	DN
ENDEREZO	I
DENUNCIADO/A	DN
ENDEREZO	I
ACTIVIDADE OU LOCAL	
DENUNCIADO	
ENDEREZO	

2. INSPECCIÓN DA CONTORNA

TIPO DE MEDICIÓN

ACTIVIDADE OU USO DO LUGAR

TIPO DE CONTORNA OU

ESTANCIA RECEPTORA

3. CONDICIÓN S BÁSICAS DE MEDICIÓN

DATA DA MEDICIÓN	___/___/20___	Horas inicio / fin	___ : ___ : ___ : ___	Período
CALIBRADOR		Nº Serie		Data calibr.
SONÓMETRO		Nº Serie		Data calibr.
VERIFICACIÓ N	$L_{Zeq} = 94,0 \pm 0,2 \text{ dB a } 1 \text{ KHz}$	Inicial		Final

4. TIPOLOXÍA DO RUÍDO PARA AVALIAR

TIPO



5. MEDICIÓN DE RUÍDO

Nº MEDIDA	NIVEL MEDIDO DO RUÍDO DE FONDO $L_{Aeq,T,fondo}$ (dBA)	NIVEL MEDIDO DO RUÍDO A AVALIAR $L_{Aeq,T}$ (dBA)	CORRECCIÓN POR BAIXA FRECUENCIA K_f (dB)	NIVEL DE INMISIÓN FINAL $L_{Keq,T}$ (dBA)
1			+ 0 / 3 / 6	
2			+ 0 / 3 / 6	
3			+ 0 / 3 / 6	

VALOR Máximo^[1]

[1] Valor redondeado ao número enteiro máis próximo, segundo o establecido na lexislación acústica vixente.

6. CONCLUSIÓN

O nivel de inmisión final resultante é de _____ dBA. Este valor **CUMPRE / NON CUMPRE** co valor límite de ruído de _____ dBA, correspondente ao tipo de contorna/estancia receptora e horario de medición avaliados.

OBSERVACIÓNS ADICIONAIS:

As medicións de ruído e o cálculo do nivel de inmisión final realizáronse conforme ao procedemento establecido na lexislación vixente.

Ourense, na data da sinatura electrónica. O alcalde.

R. 1.197

